

Memoria

Actividades 2022

Campus Terra



Índice

ANTECEDENTES	7
DIMENSIÓN 1. Gobernanza	12
0. Puntos de Control	12
1. Posta en marcha da nova Gobernanza do Campus Terra 2022-2025	12
1.1 Creación do posto de delegada do reitor para Campus Terra	12
1.2 Constitución das Comisións que conforman a Gobernanza do Campus Terra	12
1.2.1 Comisións das áreas de traballo	13
1.2.2 Comisións asesoras externas	13
1.2.3 Comisión de Coordinación	14
1.2.4 Comisión Reitora	14
Custos anualidade 2022-Gobernanza	18

DIMENSIÓN 2. Docencia e comunicación **19**

0 Puntos de Control.....	19
2. a) Liñas de actuación e accións concretas executadas en 2022 – Docencia.....	19
21 Desenvolvemento dun novo modelo de titulacións do Campus Terra.....	19
2.1.1 Titulacións de Grao e Mestrado con baixo número de alumnos.....	19
2.1.2 Creación de novos mestrados.....	23
2.1.3 Ampliación da oferta de formación continua para o alumnado.....	23
22 Mellorar a calidade docente.....	24
2.2.1 Formación do profesorado en TICs e novas metodoloxías de ensinanza.....	24
2.2.2 Establecemento dun plan de mellora de infraestruturas e adquisición de novo equipamento docente.....	26
2.2.3 Posta en marcha dun programa de participación de profesionais expertos do tecido produtivo e empresarial para a impartir seminarios para alumnos.....	30
2.2.4 Renovación e adquisición dos selos internacionais de calidade en distintas titulacións.....	31
23 Favorecer a empregabilidade e a incorporación ao mercado de traballo dos egresados/as.....	32
2.3.1 Oferta de actividades formativas transversais para estudantes de grao e mestrado.....	32
2.3.2 Programa de prácticas no rural.....	34
2. b) Liñas de actuación e accións executadas en 2022- Comunicación.....	35
24 Elaborar e desenvolver un plan de comunicación para reforzo da marca Campus Terra.....	35
2.4.1 Comunicación interna entre o PDI e investigadores mozos..	35
2.4.2 Captación de estudantes nas titulacións deficitarias en número de alumnado.....	35
2.4.3 Darnos a coñecer na sociedade e no sector produtivo na nosa contorna máis cercana (Lugo e Galicia) a través de eventos de transferencia e difusión de coñecemento.....	35
2.4.4 Darnos a coñecer fora de Galicia.....	36
2.4.5 Reforzar a nova imaxe do Campus terra (edición de novo material de merchandising e melloras na páxina web).....	38
2.4.6 Reforzo do impacto nas redes sociais.....	38

Custos anualidade 2022-Docencia e Comunicación.....	40
DIMENSIÓN 3. Investigación	41
0 Puntos de Control.....	41
3. Liñas de actuación e accións executadas en 2022 -Investigación.....	41
3.1 Reforzo estruturas de investigación.....	42
3.2 Potenciar a carreira investigadora.....	42
3.2.1 Programa "Xermolos". Bolsas de iniciación a investigación Campus Terra.....	42
3.2.2 Programa de contratos predoutorais propios Campus Terra.....	43
3.2.3 Programa de contratos posdoutorais propios Campus Terra.....	44
3.2.4 Financiamento adicional para contratados Ramón y Cajal.....	44
3.2.5 Formación en competencias transversais para predoutorais e posdoutorais.....	45
3.2.6 Programa de Mentorización de investigadores mozos/as Campus Terra.....	46
3.2.7 Eventos organizados pola asociación Agromar.....	46
3.3 Potenciar a colaboración entre grupos de investigación e participación en redes.....	47
3.3.1 Tecer redes internas.....	47
3.3.2 Tecer redes externas.....	49
3.4 Participación en proxectos internacionais.....	51
3.5 Contratación dun técnico/a de Innovación e Xestión de I+D+i.....	52
Custos anualidade 2022-Investigación.....	53
DIMENSIÓN 4. Interacción co tecido produtivo	54
0 Puntos de Control.....	54
4. Liñas de actuación e accións executadas en 2022-Interacción Tecido produtivo.....	54
4.1 Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas do Campus Terra ao dispor do sector produtivo.....	54

4.2	Deseño de programas de formación “a demanda” para profesionais dos sectores produtivos.....	55
4.2.1	Novas alternativas forraxeiras para gando vacún de leite....	55
4.2.2	Introdución ó análise sensorial de alimentos.....	55
4.3	Impulso das plataformas científicas/tecnolóxicas do Campus Terra.....	56
4.3.1	Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA).....	56
4.3.2	Plataforma de Enxeñaría da madeira estrutural (PEMADE)...	56
4.3.3	Plataforma de Secuenciación e Xenómica Funcional.....	56
4.3.4	Plataforma Sistema de Información Territorial (SIT).....	56
4.4	Elaborar programas de valorización e protección de resultados de investigación.....	57
4.4.1	Xornada formativa sobre Patentes e Propiedade Intelectual aplicado ao sector agroforestal.....	57
4.5	Desenvolver actividades de transferencia e innovación.....	57
4.5.1	Xornadas de Transferencia Campus Terra-Empresa: ONE HEALTH.....	58
4.5.2	Terra Creative Jam: Reinventa o rural.....	58
4.5.3	Feira de Outono de Emprendedoras Universitarias do Rural...	59
4.5.4	Programa de apoio no impulso de empresas de base tecnolóxica baseadas en resultados de investigación (spin-off) do Campus Terra.....	59
4.6	Contratación técnico/a de Transferencia e Emprendemento.....	60
	Custos anualidade 2022-Interacción co Tecido Produtivo.....	62

DIMENSIÓN 5. Información pública e transparencia 63

5.1	Informe anual estudo de impacto no entorno.....	63
	Custos anualidade 2022-Información pública e transparencia.....	63

Antecedentes



O día 27 de xullo de 2022 asinouse en Santiago de Compostela o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Na **cláusula PRIMEIRA** do convenio, descríbese o obxecto de dito convenio, sendo os principais obxectivos consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Terra. Na **Táboa 1** detállanse as actuacións propostas a realizar e o seu custe durante as distintas anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025 cun orzamento total de 4.000.785,00 €. Na **Táboa 2** figura o financiamento proposto, con lixeiras modificacións informadas en setembro de 2022, para cada dimensión, así como o financiamento finalmente executado.

Na **cláusula CUARTA** sobre financiamento, detállanse os conceptos aos que poden ir destinados as axudas:

“Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; pequenas reformas; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de reunións e congresos.
- Xestión de patentes.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias”.

A fórmula de pagamento indícase na **cláusula QUINTA**:

“Para o pagamento, a Universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Os pagamentos correspondentes ás nóminas e Seguridade Social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte.
- Un informe relativo o cumprimento das recomendacións emitidas polo Comité de Avaliación no informe final do proceso de avaliación, así como presentar os indicadores de execución e resultado recollidos no protocolo.
- Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas no Convenio asinado o 27/07/2022, cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración”.

A **cláusula OITAVA** sobre a vixencia do convenio establece que o citado convenio “entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2025”.

.....
“O obxectivo do convenio é consolidar unha maior especialización e calidade da docencia e da investigación no Campus Terra”

Táboa 1

Resumo de actuacións por anualidades segundo convenio asinado 27/07/2022

DIMENSIÓNS	2022	2023	2024	2025	Suma €	Σ/Dimen.€	%
1. Gobernanza							
1.1. Implementación Comisión Avaliadora Externa e Dirección	17.700	10.700	10.700	10.700	49.800		
1.2. Desprazamentos dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	9.500	2.500	2.500	2.500	17.000	66.800	1,67
2. Docencia e Comunicación							
2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións	47.490	35.000	31.000	29.000	142.490		
2.2. Mellorar a calidade docente	228.394	130.000	130.000	95.000	583.394		
2.3. Favorecer a empregabilidade	41.901	40.581	40.581	20.791	143.854		
2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra	30.000	16.000	15.000	15.000	76.000	945.738	23,64
3. Investigación							
3.1. Reforzo estruturas investigación	-	45.000	30.000	15.000	90.000		
3.2. Potenciar a carreira investigadora	231.934	641.752	558.068	399.193	1.830.947		
3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes	135.000	110.000	85.000	20.000	350.000		
3.4. Participación en proxectos internacionais	24.132	32.000	33.000	30.000	119.132		
3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i	35.868	41.000	42.000	32.250	151.118	2.541.197	63,51
4. Interacción co tecido produtivo							
4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas do Campus	8.153	8.847	4.000	4.000	25.000		
4.2. Formación continua sector produtivo	3.800	4.000	4.000	2.000	13.800		
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas	27.300	24.000	24.000	15.000	90.300		
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	600	22.100	22.100	21.900	66.700		
4.5. Actividades de transferencia innovación	29.144	25.000	24.000	18.000	96.144		
4.6. Contratación técnico/a de Transferencia	33.856	41.000	42.000	32.250	149.106	441.050	11,02
5. Información pública e transparencia							
5.2. Informe anual e estudo impacto entorno	1.500	1.500	1.500	1.500	6.000	6.000	0,15
Totais	906.272	1.230.980	1.099.449	764.084	4.000.785		100,0

Táboa 2. Desagregación do financiamento Campus Terra 2022

ACTUACIÓNS 2022	ORZAMEN- TADO €*	EXECUTADO €
1.Gobernanza		
1.1.Implementación Comisión Avaliadora Externa e Dirección	17.700	25.891,32
1.2.Desprazamentos dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	9.500	1.616,62
Total	27.200	27.507,94
2.Docencia e Comunicación		
2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións	31.990	39.047,23
2.2. Mellorar a calidade docente	254.106,03	267.055,89
2.3. Favorecer a empregabilidade	21.688,97	14.002,83
2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra	40.000	28.011,59
Total	347.785	348.117,45
3.Investigación		
3.1. Reforzo estruturas investigación	0	0
3.2. Potenciar a carreira investigadora	204.678	195.584,23
3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes	162.256	183.156,81
3.4. Participación en proxectos internacionais	24.132	12.000
3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión	35.868	36.358,74
Total	426.934	427.012,10
4.Interacción co tecido produtivo		
4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas	0	0
4.2. Formación continua sector produtivo	3.800	7.935,50
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas	56.663	53.166,40
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	1.000	1.031,80
4.5. Actividades de transferencia innovación	9.965,39	10.011,72
4.6. Contratación técnico/a de Transferencia	31.424,61	30.601,72
Total	102.853	102.747,14
5.Información pública e transparencia		
5.1. Informe anual e estudo impacto entorno	1.500	1.488,30
Totais	906.272	906.872,93

*Realizáronse lixeiras modificacións nalgunhas actuacións dentro de cada dimensión de Docencia, Investigación e Interacción co tecido produtivo que foron informadas a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o 16/09/2022.

Na **Figura 1** preséntase a distribución porcentual dos importes asignados a cada unha das dimensións.




Figura 1: Distribución porcentual do financiamento para cada unha das dimensións

En cumprimento da **cláusula QUINTA**, achégase no presente documento a memoria xustificativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos na anualidade 2022, manifestando detalladamente as actuacións realizadas, os conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados en dita anualidade, para cada unha das dimensións e en cada unha das accións contempladas no plan de actuación 2022 do Campus Terra.

Hai que ter en conta que o proceso electoral que tivo lugar na USC no mes de marzo de 2022, demorou e reduciu o tempo de execución do orzamento desta anualidade, que foi aprobado no mes de xuño. Así mesmo, o nomeamento da delegada para Campus Terra estivo condicionado por este motivo, pero aínda así practicamente todas as accións previstas a realizar nesta anualidade foron levadas a cabo.

DIMENSIÓN

01

Gobernanza **0. Puntos de control:**

Foron cumpridos os dous puntos de control establecidos no Protocolo asinado o 6 de setembro de 2021 (DOG 173, 08/09/2021) a través das actuacións que se detallan a continuación:

Punto de control 1. *Verificarase que a dualidade Campus Terra vs. Campus Lugo non sexa un elemento de distorsión que dilúa a marca de especialización que ostenta o Campus Terra no ámbito xeral do Campus Lugo.*

Para evitar dita dualidade creouse a figura de delegada do reitor para Campus Terra a cal se fai cargo da dirección do campus de especialización, mantendo as sinerxías e coordinación necesaria co Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo.

Punto de control 2. *Todas as comisións de gobernanza deben iniciar o seu traballo de maneira urxente e manter a súa actividade de forma regular (para o que se solicitarán informes e actas de reunións). Debe velar por unha adecuada composición de igualdade de xénero entre os seus integrantes.*

As oito comisións que forman parte da gobernanza do Campus Terra foron postas en marcha antes do peche do exercicio 2022. Intentouse conformalas tendo en conta a paridade e que todos os ámbitos de coñecemento e centros vinculados a Campus Terra estiveran representados.

1. Posta en marcha da nova Gobernanza do Campus Terra 2022-2025

1.1 Creación do posto de delegada do reitor para Campus Terra.

Na Resolución Reitoral do 29 de abril de 2022 o reitor da USC resolve nomear como delegada do reitor para Campus Terra a M^a Elvira López Mosquera e encomenda á delegada para o Campus Terra a coordinación e seguimento das accións de desenvolvemento do Campus Terra como campus de especialización previstas nos instrumentos que o regulan.

1.2 Constitución das Comisións que conforman a Gobernanza do Campus Terra.

Buscouse a participación de representantes de todos os centros e ámbitos implicados co fin de que sexa unha gobernanza plural, inclusiva e proactiva. Buscouse sempre a paridade de xénero tal e como se recomenda no Protocolo. A actual estrutura de

gobernanza do Campus Terra (Plan operativo 2022-2025) foi aprobada en Consello de Goberno do 17 de xullo de 2019 (**Figura 2**).



Fig.2. Estrutura de gobernanza aprobada en Consello de Goberno o 18/07/2019

1.2.1 Comisións das áreas de traballo

Ao inicio do mes de xuño comezouse por constituír as Comisións das diferentes áreas de traballo (Área I+D+i, Área de Planificación Docente, Área de Internacionalización, Área de Relación co tecido produtivo) xa que era importante trasladar a cada unha delas cales eran as súas funcións e que actuacións había que desenvolver nos próximos 6 meses. Nese período de tempo, no caso das comisións de Docencia e de Investigación fixéronse dúas reunións para atender asuntos que requirían a colaboración dos seus membros na toma de decisións en canto a recoller novas iniciativas relacionadas coa docencia e para o deseño das distintas convocatorias públicas de bolsas de iniciación a investigación, contratos pre e posdoutorais, proxectos colaborativos, etc.

1.2.2 Comisións asesoras externas

O seguinte paso foi constituír as comisións asesoras externas, as cales son comisións colexiadas cuxos membros foron nomeados polo reitor.

No mes de xuño conformouse a **Comisión Científica Externa** cunha sesión de dous días de traballo (22-23 de xuño). Esta comisión está formada por persoas de recoñecido prestixio académico e profesional (Marius Rubiralta, exreitor da Universidade de Barcelona, exsecretario de Universidades, catedrático de Química Orgánica da Universidade de Barcelona; José Manuel da Silva, exdirector Xeral de Agricultura (1999-2013) e de Desenvolvemento Agrícola e Rural da Comisión Europea, MAPA; Cristina María Teixeira Saraiva, pro-reitora para as Parcerias e Relacións Internacionais da Universidade de Tras os Montes e Alto Douro (UTAD), Portugal; Elisabete María Melo Figueiredo, socióloga rural e doutora en Ciencias Ambientais. Departamento de Ciencias Sociais, Políticas e Territorio da Universidade de Aveiro, Portugal; Francisco Javier Guitián Martínez, profesor de Epidemioloxía Veterinaria, Economía e Saúde Pública no The Royal

Veterinary College, Londres; Mirian Ruíz Yáñez, responsable de investigación e innovación cooperativa do Campus de Excelencia Internacional Euskampus, País Vasco.

O 15 de novembro faise unha segunda reunión co fin de valorar o traballo realizado en Campus Terra ata a data e a consecución dos seus obxectivos, así como o grao de cumprimento con respecto aos condicionantes sinalados pola Comisión Avaliadora do Campus Terra no seu Informe Final e no Protocolo asinado en setembro de 2021. Dita Comisión elaborou un informe de seguimento con data de 30 de novembro a partir da información aportada dende a dirección do Campus Terra e trala reunión celebrada o 15 de novembro en Lugo, documento que se achega no **Anexo I-Gobernanza**.

O 29 de setembro foi constituída a **Comisión Económica-Social** formada por 4 representantes dos sectores produtivos e de transformación (AGADER, XERA, AFRICOR, CLUSAGA), 2 representantes de empresas tractoras da provincia de Lugo (Madeiras Besteiro, Grupo Lence), 2 representantes dos centros de investigación relacionados coa temática forestal e agroalimentaria de Galicia (AGACAL, MBG-CSIC), 1 representante do sector saúde/consumo (HULA), 1 representante do sector de xestión cultural (Fundación Uxío Novoneira), 7 representantes de colexios profesionais (Colexio Agrónomos de Galicia, Colexio Enxeñeiros Agrícolas de Lugo, Colexio de Montes de Galicia, Colexio Galego de Veterinarios, Colexio de Nutricionistas de Galicia, Colexio de Economistas de Lugo, Colexio Enxeñeiros Industriais de Lugo) e 3 representantes da USC (Xerente, Delegado de Transferencia, Delegada Campus Terra).

Unha vez terminada a reunión levouse a cabo a exposición dun caso de éxito no País Vasco: Campus Internacional Euskampus, a cargo de Miriam Ruiz Yániz, responsable de Investigación e Innovación Cooperativa de dito Campus. A acta de dita reunión recolle as interesantes intervencións que xurdiron durante o debate (pode consultarse no **Anexo I-Gobernanza**).

1.2.3 Comisión de Coordinación

O 26 de outubro faise o acto de constitución da Comisión de Coordinación, formada por 1 coordinador/a de cada unha das 4 áreas de traballo, o vicerreitor do campus de Lugo, os dous técnicos do Campus Terra e a delegada do mesmo. A principal función desta comisión é manter informado ao vicerreitor do Campus de Lugo sobre as actividades que se realizan en Campus Terra para procurar ter a maior coordinación posible (ver acta en **Anexo I-Gobernanza**).

1.2.4 Comisión Reitora

Esta comisión está presidida polo reitor e formada por outros membros da USC (Vicerreitorado do Organización Académica e do Campus de Lugo, Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización, Vicerreitorado de Política Científica, Xerencia, Delegación do reitor para Campus Terra e un representante dos decanos/as e directores/as de centros), representación da Consellería de Cultura, Educación,

Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, representación da Excm. Deputación Provincial de Lugo e representación do Concello de Lugo.

As principais funcións desta Comisión son aprobar a Memoria Anual das actividades propostas para cada anualidade, así como o Plan de Actividades para o ano seguinte. Reuniuse o día 12 de decembro para a súa constitución e aprobación da memoria anual das actividades e accións desenvoltas en 2022 (ver actas en **Anexo I-Gobernanza**)

Na Táboa 3 detállanse as datas de creación e reunións efectuadas ata o momento das distintas comisións. Na Táboa 4 especificase para cada unha delas a súa composición nominal. No Anexo I-Gobernanza poden consultarse as actas de ditas reunións.

Táboa 3

Comisións creadas e datas de reunións 2022

COMISIÓN	DATA CONSTITUCIÓN	DATA REUNIÓN S ORDINARIAS
	08/06/ 2022	08/06/2022
1. Comisión Área I+D+i		18/10/2022
2. Comisión Área Docencia	17/06/2022	17/06/2022 19/09/2022
3. Comisión Área Internacionalización	17/06/ 2022	17/06/2022
4. Comisión Área Relación co Entorno	17/06/2022	17/06/2022
5. Comisión Coordinación	26/10/2022	
		22-23/06/2022
6. Comisión Científica Externa	22-23/06/2022	15/11/2022 29/09/2022
7. Comisión Económica-Social	29/09/2022	29/09/2022
8. Comisión Reitora	12/12/ 2022	12/12/2022

Táboa 4

Composición nominal das Comisións que compoñen a Gobernanza do Campus Terra

COMISIÓN	INTEGRANTES	PARIDADE
Comisión Área Investigación	Vicente Blanco Mosquera Ana Cabana Iglesias César Cruzado Pérez M ^a Elvira López Mosquera Marcelino Maneiro Maneiro Azucena Mora Gutiérrez José Manuel Rebolo González Carlos Sebastián Villasante Larramendi	5H/3M
Comisión Área Docencia	Antonio Álvarez Rodríguez Gonzalo Fernández Rodríguez* Gonzalo Fernández Suárez* Patricia González Alonso Carlos Herrero Latorre M. ^a Elvira López Mosquera M. ^a José López Villar Eugenio Manuel Otero Urtaza Margarita Rico Gómez Rosa Romero Franco* Carmen Sarceda Gorgoso*	5H/6M

COMISIÓN	INTEGRANTES	PARIDADE
Comisión Área Internacionalización	Jacobo Feas Vázquez Ana Isabel García Arias Patricia González Alonso M. ^a Elvira López Mosquera Asteria Luzardo Álvarez* Paulino Martínez Portela Francisco José Ónega López José Manuel Rebolo González	4H/4M

COMISIÓN	INTEGRANTES	PARIDADE
Comisión Área Relación co Entorno	Roberto Bande Ramudo* Gonzalo Fernández Suárez* Patricia González Alonso Manuel Guaita Fernández M. ^a Elvira López Mosquera Marta Miranda Castañón Ángeles Romero Rodríguez	3H/4M

COMISIÓN	INTEGRANTES	PARIDADE
Comisión Científica Externa	Màrius Rubiralta Alcañiz Francisco Javier Guitián Martínez Elisabete Melo Figueiredo Miriam Ruiz Yániz José Manuel Silva Rodríguez Cristina Teixeira Saraiva	3H/3M

COMISIÓN	INTEGRANTES	PARIDADE
Comisión Económica-Social	Roberto Alonso Ferro José Luis Cabarcos Corral Pedro Calaza Martínez Mario Carballo Lama Xavier Ferreira Fernández Carmen Lence Ferreiro M. ^a Elvira López Mosquera Uxío Novo Rey Luís Núñez Desiré Luis Otero González Marta Pérez Fandiño Pilar Rodríguez Ledo Montserrat Rodríguez Ogea Verónica Rodríguez Vicente Concepción Sánchez Fernández Manuel Sandamil Cabana Inés Santé Rivera Marcos Vázquez Marey Salustiano Velo Sabín	11 H/8M

COMISIÓN	INTEGRANTES	PARIDADE
Comisión Reitora	Roberto Bande Ramudo José Alberto Díez de Castro Xavier Ferreira Fernández Francisco Fraga López M ^a José López Couso Antonio López Díaz M. ^a Elvira López Mosquera Lara Méndez López Vicente Pérez Muñuzuri José Tomé Roca	7H/3M

*Decanos/as e directora de centros

Custos anualidade 2022- Gobernanza

Táboa 5

Custos 2022
Gobernanza

DIMENSIÓN GOBERNANZA	2022 (€)
1.1. Desprazamentos, dietas, realización informe seguimento Comisión Científica Externa. Implementación Dirección.	25.891,32
<i>Equipamento para Sala de Reunións</i>	11.510,04
<i>Honorarios Membros da Comisión</i>	7.000,00
<i>Retribución Dirección Campus Terra</i>	3.908,43
<i>Desprazamentos Membros da Comisión (inclúe aloxamentos)</i>	2.073,11
<i>Dietas</i>	1.399,74
1.2. Desprazamentos e dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	1.616,62
<i>Desprazamentos Membros da Comisión</i>	464,82
<i>Dietas</i>	851,80
<i>Retribucións por Conferencias Temáticas</i>	300,00
Totais	27.507,94



Reunión de constitución da Comisión Económica-Social Campus Terra (28/10/2022)



DIMENSIÓN

02

Docencia e comunicación

0. Puntos de control:

No punto 2.3. do Protocolo, nomeado como **estabilidade do modelo docente de especialización proposto**, indícanse os seguintes puntos de control:

Punto de control 1 (Docencia):

- *Debe incrementarse o número de estudantes que xustifican a especialización do Campus Terra naquelas titulacións da EPSE e Ciencias que teñen poucos alumnos.*
- *Cada 2 anos avaliarase o progreso na captación deses estudantes (debe producirse un incremento do 10% de estudantes respecto ao bienio anterior), tanto nas titulacións de grao como de mestrado.*
- *En 2 anos debe presentarse unha planificación estratéxica de axuste dos graos aos obxectivos de especialización do campus.*

Punto de control 2 (Comunicación):

- *Necesidade de mellorar a comunicación interna: potenciación da identidade de pertenza ao campus de todo o persoal que o integra (alumnos, PDI, PAS, ...).*
- *No 2º ano o 100% dos grupos de interese teñen que posuír información real e fidedigna do proxecto Terra.*
- *Impulsar a proxección exterior da marca Terra (especialmente estudantes de grao e mestrado) en Galicia, España, estranxeiro.*
- *Mellorar a comunicación externa para captación de alumnos e investigadores, medible de xeito que ten que incrementarse polo menos un 100% o número de seguidores en redes sociais aos 2 anos do inicio do período de acreditación.*

2.a) Liñas de actuación e accións concretas executadas en 2022 - Docencia

2.1.Desenvolvemento dun novo modelo de titulacións do Campus Terra.

2.1.1 Titulacións de Grao e Mestrado con baixo número de alumnos.

O baixo número de alumnos afecta fundamentalmente aos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (EAA) e a de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (EFMN), así como ao mestrado de Enxeñaría de Montes (EM), todo eles impartidos na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE).

O mestrado de Enxeñaría de Procesado de Alimentos que se impartía na Facultade de Ciencias deixouse de ofertar neste curso académico 2022-2023.

O 29 de setembro publicouse o RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e os procedementos de aseguramento da súa calidade. En atención ao cumprimento desta norma, a USC iniciou este ano o proceso de adaptación de todos os seus títulos, tanto de grado como de mestrado.

Na EPSE estase a traballar nas modificacións que hai que facer nos distintos títulos que imparte. No que respecta aos mestrados en Enxeñaría Agronómica e Enxeñaría de Montes, teñen que realizar nas súas memorias modificacións substanciais debidas a adaptación do número de ECTS impartidos, que neste caso implica pasar de 100 créditos ECTS a 90 ECTS. Esta redución de créditos, e por tanto da duración do mestrado, pode favorecer a demanda de matrícula nos próximos anos.

Por outro lado, nos graos en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e o Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural para adaptarse a dito RD, estanse a revisar as súas memorias, para indicar o ámbito de coñecemento, e tamén asociar a formación básica a os ámbitos de coñecemento que lle correspondan.

A medio e longo prazo hai que conseguir consolidar a viabilidade das titulacións mencionadas para o cal é necesario facer unha reestruturación das mesmas. Isto require dun traballo previo de análise profundo, tendo en conta a situación do mapa de titulacións actual do SUG e facer un estudo das distintas posibilidades que existan para conseguilo. Estase a explorar a posibilidade de facer graos interuniversitarios para chegar a cambiar o modelo existente a partir do curso 2023-2024, pero as negociacións entre as distintas universidades implicadas e a Secretaría Xeral de Universidades aínda están en proceso neste momento.

Por tanto, a curto prazo, os esforzos realizados desde Campus Terra estiveron dirixidos a promoción das titulacións con menor número de alumnos. Para isto potenciouse a difusión das saídas laborais e a vinculación co tecido empresarial e social, así como a captación de alumnado internacional en países cun sector primario de relevancia, levando a cabo distintas accións que se describen a continuación.

1. Participación en "Encontros na USC-Lugo". Nesta actividade organizada polo programa A Ponte da USC, ofrécese ós estudantes de Ensino Medio unha oportunidade de contacto coa Universidade, visitando os centros do Campus de Lugo un total de 2.225 estudantes procedentes de 19 centros da provincia de Lugo, A Coruña e Ourense para recibir información directa dos estudos que se cursan no campus. O persoal da USC recibiu aos estudantes de ensino medio en puntos de encontro e logo foron guiados por titores que os acompañaron por distintos percorridos. Os alumnos/as que se dirixiron a EPSE foron 1086, realizando un percorrido polo centro en grupos que visitaban 2 laboratorios por área de coñecemento. Tamén docentes deste centro fixeron 4 talleres: "Recoñecemento de madeiras e medición de árbores", "Manexa un robot",

- “Constrúe a túa ponte” e “Cultivo hidropónico”. Polas tardes na EPSE ofrecéronse dúas charlas, unha “Mesa redonda sobre as enxeñarías” e outra referida a “Conservación e reintrodución, a través da biotecnoloxía, de especies endémicas ameazadas” (23-24 marzo 2022).
2. Participación na mostra “A USC Camiña. Xornadas de Achegamento á USC”. É unha actividade itinerante que se desenvolve por distintas comarcas de Galicia. Consiste nunha serie de postos informativos sobre as titulacións de grao, mestrado e doutorado, pero tamén sobre a investigación e os diferentes servizos relacionados coa vida universitaria (residencias universitarias, cultura, mobilidade, voluntariado, a importancia das linguas, deportes, ...). O 29 de marzo docentes e egresados da EPSE estiveron presentes en Viveiro e o 7 de abril en Ribeira onde achegaron algúns exemplos atractivos para os estudantes de ensinanzas medias como “Árbores en tubos e ensaio”, “Coñece a robótica”, “Fai tremer os teus cimentos”, “Curiosidades da madeira” ou “As plantas e a paisaxe: un percorrido botánico” (29 marzo 2022).
 3. Participación na Xornada “Nó Rural. Retos e oportunidades para a inserción laboral da mocidade do medio rural”. CFEA Guísamo-A Coruña (5 abril 2022).
 4. Xornadas divulgativas Acción Terra. Esta foi unha iniciativa estudantil desenvolta do 22 ao 29 de abril coa organización de distintas conferencias e mesas redondas (Soberanía alimentaria, Fauna silvestre, Gandería Sustentable, Espazos Saudables, Transición Enerxética).
 5. Participación na I Feira de Emprego e Talento organizada pola Asociación de Empresarios de O Ceao-As Gándaras (5 maio 2022).
 6. Divulgación, a través da intervención de profesores e egresados dos graos e mestrados con baixo número de alumnos, en eventos organizados en comarcas rurais galegas contando coa colaboración dos Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia. Ex. Encuentros entre os alumnos/as de 1º de BAC no IES Terra de Trasancos (Narón) e tres egresados da EPSE para a presentación das titulacións de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e de Enxeñaría Forestal (temática, empregabilidade, investigación) (31 maio 2022). [3 Conferencias+desprazamentos e dietas de Miguel Fernández Labrada, María López de la Calle e César Pérez Cruzado].
 7. Participación na organización do Acto de recoñecemento aos estudantes que acadaron os mellores expedientes dos centros de Formación Profesional de Galicia, celebrado por primeira vez na USC (Lugo, 15 xuño 2022).
 8. Participación de distintos profesores da EPSE e egresados na Feira Internacional Forestal de Galicia (Galiforest) celebrada no Centro de Formación

Profesional de Capacitación Agraria de Sergude (Boqueixón-A Coruña)(30 xuño a 2 de xullo 2022).

9. Celebración da X Edición de Xuvenciencia 2022, onde se reforzaron as temáticas relacionadas coas titulacións con menor número de alumnos (Proxectos: Aqualab: Sistema de monitorización ambiental con Arduino; Árbores en tubos de ensaio, Controla e constrúe robots; Impresión 3D: converte unha idea en realidade; Fai tremar os teus cimentos. Visitas: Edificio Impulso Verde; Tecnoloxías do futuro na EPSE; Visita a Finsa; Visita Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR); Visita a Larsa e Norvento; Os produtos lácteos: moito máis que leite). Na EPSE realizáronse 5/16 proxectos e 6/13 visitas para 90 estudantes preuniversitarios (3-9 de xullo 2022).
10. Benvida alumnos estranxeiros Welcome Day en Santiago de Compostela (24 de setembro 2022).
11. Taller de Experiencias inmersivas en Enxeñaría '22. Consiste en realizar experiencias de interacción entre alumnos dos graos de enxeñaría do Campus Terra a través de creatividade e distintas experiencias que lles permitan adaptarse a situacións como entrevistas de traballo, relación con clientes, etc. Nº participantes: 22 (7-10 novembro 2022).
12. Profesores da EPSE organizan o Campionato do Mundo de Modelado 3D de Precisión co teu Teléfono Móbil-Tablet dende fai anos. Trátase dunha experiencia que pretende achegar as STEAM (*Science, Technology, Engineering, Art e Mathematics*) aos estudantes de forma lúdica, gratis e *on-line*. Destinado a estudantes de todo o mundo entre 13 e 18 anos, o seu obxectivo principal é o da elaboración de modelos tridimensionais a escala, realizados a partir de fotografías tomadas co teléfono móbil-tablet e o emprego de programas específicos gratuítos. Gaña o equipo que consiga maior puntuación nas dúas probas propostas no campionato. A D3MOBILE 2022 arrincou a principios do presente curso 22/23 e finalizará a finais do mesmo, en xullo de 2023 (d3mobile). Pódense inscribir equipos ata o 1/04/2023, e comezar a traballar desde o mesmo momento en que se inscriben nas dúas probas, cuxos resultados entregaranse antes do 11/4/2023 e do 1/5/2023 respectivamente. A décima edición do campionato está dotada con premios (tablets), que serán para o mellores equipos do mundo, de Galicia e de Lugo (d3mobile) (outubro 2022- maio 2023).
13. Captación de alumnado internacional de grao e mestrado empregando a plataforma interactiva Keystone.
14. Publicidade en prensa e redes sociais sobre o índice de empregabilidade que teñen os graos e mestrados implicados (Ver Anexo - Docencia e

Comunicación). O custo se describe na Táboa Custos anualidade 2022-Docencia e Comunicación apartado 2b) desta memoria (páx. 34).

Total: 23.296,78 €

2.1.2. Creación de novos mestrados

O Campus Terra esixe unha análise para a creación de mestrados que dean continuidade aos estudos de primeiro ciclo e fomenten a especialización nesas áreas de coñecemento. En concreto, durante o curso 2021-2022 creouse unha comisión de traballo para facer unha proposta de mestrado en Agroecoloxía adscrito á Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, proposta que aínda non está rematada. Tamén adscrito a EPSE si se creou o mestrado en Vehículos autónomos interuniversitario entre as universidades galegas que vai dirixido fundamentalmente ao alumnado que está cursando o Grao en Robótica. Recentemente presentouse, por parte da Facultade de Ciencias, a declaración de intencións sobre o deseño dun mestrado relacionado coa especialidade de Bioquímica (Ciencias Moleculares).

Nesta anualidade, os recursos asociados a este apartado foron destinados a adquisición dun equipo de corte láser e un dron necesarios para a realización de prácticas no mestrado de Vehículos autónomos.

Total: 12.750,45 €

2.1.3. Ampliación da oferta de formación continua para o alumnado

A oferta de programas de formación continua permiten ampliar e actualizar coñecementos dos egresados/as en temas nos que existen demandas aliñadas coa especialización do Campus Terra. Neste período de tempo non se puideron ofertar por agora ningún dos dous cursos previstos a desenvolver na facultade de ADE, quedando aprazados para o ano 2023. Estase a programar e promocionar por medio da creación dunha web o "Curso de especialización en Transformación Dixital en Empresas do Sector Agroalimentario" (www.agrodixitalusc.com).

Curso 1: Xestión económico-financeira de explotacións de leite

Curso dirixido á actualización e á reciclaxe formativa de egresados e profesionais que traballen na xestión de explotacións de leite que queiran profundar nos aspectos económico-financeiros das mesmas. Preténdese establecer unhas bases para o coñecemento das estruturas de custos e a situación económico-financeira das explotacións de leite, así como dos cocientes económicos máis relevantes, para tratar de mellorar a competitividade das mesmas.

Dirixido a: Veterinarios, Enxeñeiros agrícolas, Agrónomos, Administración de dirección de empresas, responsables de explotacións e cooperativas.

Carga lectiva: 20 créditos

Nº prazos: 15

Curso 2: Curso de especialización en Transformación Dixital en Empresas do Sector Agroalimentario

Neste curso de especialización, ofrecerase unha formación orientada ao deseño e implementación de procesos de transformación dixital en empresas do sector agroalimentario, tanto produtoras como transformadoras ou distribuidoras. A progresiva importancia da tecnoloxía nos procesos produtivos esixe de profesionais capacitados para a implantación de sistemas integrados de xestión, sistemas de monitorización e recolección de datos, análise da información dispoñible, etc. O internet das cousas está chamado a acabar por ser incorporado a todas as actividades produtivas, e favorecer a mellora da competitividade, a través de reducións nos custes e nunha mellor organización das actividades na empresa. Neste curso propio de especialización, ofertado a través do Centro de Estudos Propios da USC formarase aos futuros profesionais do sector agroalimentario nestes ámbitos. A participación como docentes de directivos e responsables tecnolóxicos de empresas que na actualidade están a implementar este tipo de procesos en diferentes sectores garante unha visión práctica e orientada ao mercado laboral da formación.

Dirixido a alumnado egresado do grao en ADE de Empresa e Tecnoloxía, Veterinaria, Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, dobre grao de Enxeñaría Agrícola e Alimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural e mestrado en Enxeñaría Agronómica, entre outros.

Carga lectiva: 40 créditos

Nº prazos: 30

Incidencia 1: Como a nova etapa de Campus Terra comezou no mes de maio, non se dispuxo de tempo suficiente para tramitar estes dos cursos de formación continua a través de CEP (Centro de Estudos Propios) e facer a súa publicidade con anterioridade ao inicio do curso académico, quedando aprazados para o próximo curso académico. Esta incidencia foi comunicada o 16 de setembro na proposta de modificación presentada na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Optouse por ir preparando a programación e o deseño da web específica para o Curso 2023 (www.agrodixitalusc.com).

Total: 3.000 €

2.2 Mellorar a calidade docente

2.2.1 Formación do profesorado en TICs e novas metodoloxías de ensinanza

Neste apartado ofertáronse 6 cursos nos que houbo un total de 96 inscritos.

Curso de introdución ao sistema operativo Linux

Lograr que os profesores tomen contacto co sistema operativo, coñezan como instalalo, dominen os comandos máis habituais. Contidos: instalación de Ubuntu, consola de Linux, contornas virtuais, administración básica de sistema operativo.

10 horas. Nº inscritos: 23

Datas: 13, 14, 20, 21 outubro 2022

Profesorado: Carlos Vázquez Regueiro

Curso de edición de documentos e presentacións en LaTeX

Familiarizarse con LaTeX para creación de documentos e presentacións. Contidos: Instalación de paquetes e/ou uso de ferramentas web, documentos en LaTeX, presentacións en LaTeX.

8 horas. Nº inscritos: 5

Datas: 13-15 setembro 2022

Profesorado: Fernando Rafael Pardo Seco

Curso de POWER BI: Analítica avanzada de datos

Curso básico dirixido a profesorado do campus para o uso de POWER BI. Power BI é unha ferramenta incluída na licenza Office 365 coa que conta a USC, que permite a preparación e visualización de datos, a análise empresarial, as visualizacións interactivas, a creación de paneis personalizados. Esta ferramenta ligada ao business intelligence, pode ser incorporada en diferentes materias das titulacións de Enxeñaría e no grao de Empresa e Tecnoloxía.

20 horas. Nº inscritos:16

Datas: 30 setembro, 14,21,28 outubro 2022

Profesorado: Xexús Penelas Blanco

Curso de configuración e administración de redes

Proporcionar formación en instalación, configuración e mantemento de redes para o traballo en sistemas de TI e integración de equipos e dispositivos en redes informáticas. Contidos: Equipamentos en comunicacións dixitais, modelos e protocolos de comunicación, tecnoloxías en redes de ordenadores, configuración e administración de redes.

20 horas. Nº inscritos:18

Datas: 17,18,20,24,25,27,31 outubro 2022

Profesorado: Óscar Carballal Díaz

Curso avanzado ao emprego de QGis

Conceptos de SIX e a interface do programa QGis. As capas vectoriais. Tipos e ferramentas para a súa creación e manexo. As capas ráster. Ferramentas para o seu manexo. Emprego e creación de simboloxías. Manexo da información espacial:

estadísticas, funcións de base de datos, transformacións de capas ráster a vectoriais e viceversa. Elaboración de mapas co QGis.

12 horas. Nº inscritos: 17

Datas: 26,28 outubro; 2, 4 novembro 2022

Profesorado: Xurxo Loureiro Veira

Curso de tendencias actuais na educación no medio natural e rural

O obxectivo deste curso é ofrecer ao profesorado universitario unha información actualizada das correntes pedagóxicas do século XXI en relación coa educación en espazos naturais e rurais e o seu contexto internacional. Trataranse os seguintes aspectos: Orixe e desenvolvemento das correntes actuais de educación na natureza. A potencialidade educadora das contornas naturais e rurais. As institucións e organizacións de educación na natureza no contexto europeo. A educación na natureza nas universidades españolas e americanas: liñas de investigación e titulacións innovadoras. Participación de 3 docentes externos (Brasil, Uruguay, Madrid).

16 prazas. 20 horas. Nº inscritos: 17

Datas: 2,3,4 novembro 2022

Profesorado: Ananda Casanova, María Mayorga, Nigel Dykes, J. Carlos Rodríguez García, Salvador Cidrás e Vicente Blanco Mosquera

Total: 4.791,07 €

2.2.2 Establecemento dun plan de mellora de infraestruturas e adquisición de novo equipamento docente.

Co obxectivo de mellorar a calidade docente das prácticas das titulacións vinculadas ao Campus de especialización, foi necesario actualizar e adquirir novo equipamento para os seus laboratorios e material para prácticas de campo. O material adquirido descríbese a continuación, agrupado por centros segundo as diferentes titulacións de grao e mestrado vinculadas a Campus Terra.

Facultade de Veterinaria: Grao en Veterinaria

A situación de falta de subministracións orixinada pola guerra de Ucraína motivou a suspensión da compra da maior parte dos simuladores que estaba previsto adquirir nesta anualidade (que son feitos por encargo), por tal motivo foron substituídos por outros equipos tamén imprescindibles para completar o Laboratorio de Habilidades Clínicas.

Material docente para equipamento do Laboratorio de Habilidades Clínicas:

Este laboratorio foi ideado para mellorar o proceso de formación do alumnado do Grao en Veterinaria co uso de distintos simuladores, co obxecto de que os alumnos desenvolvan de forma autónoma as súas habilidades na execución de procedementos clínicos. A destreza adquirida deberá mellorar a realización posterior deses

procedementos en animais vivos, reducindo a tensión dos estudantes ao repetir o procedemento no animal e minimizando o sufrimento dos pacientes. Na planificación inclúese material que é indispensable para a simulación, como é o caso do endoscopio e repostos funxibles que se desgastan co uso.

- Trolley torre de endoscopia (M05CARRO), Aspirador new Askir 30c/vaso de 1000 mL, Bomba infusión VP1 (18609B-PA00075), Bomba de perfusión/xiringa SP1 (18615B-PA00065) – Kerkus
- Endoscopio Canino Videogastrópico Digital Fujinon EPX Kercus - Fac. Veterinaria
- Simulador canino para exploración xinecolóxica BELLA (incluído módulo para parto canino, 3 cachorros para parto, repostos de pad vea cefálica e repostos de sacos amnióticos)
- Ecógrafo Z60 c/sonda microconvex – Kercus
- 2 Otoscopio Gowlland haloxeno, ref 150021
- 5 Mesas acero inoxidable 120*60cm, patas regulables en altura, Carro c/rodas 62*45cm en acero inox.; con 2 cestas plástico 60*40cm., Taburete con rodas, asiento en polipropileno inxectado - MIC3
- 1 Mesa de traballo e pack de rodas
- Gafas 3D Pico G24K Standard – INVELON
- DripAssist, monitor de velocidade de infusión – GALENO

Tamén adquiriuse o seguinte material para equipar o Laboratorio da Granxa Experimental do Leite Campus Terra, onde os alumnos realizan numerosas prácticas de distintas materias con gando vacún de leite e no que procesan mostras no laboratorio que ten a USC nas instalacións anexas a dita granxa:

- Barras pesadoras mod. XFI DE 1250*120 mm/ 300/600kg – NORA
- Microscopio binocular B-192, ref 150109; 2 unidades, Lupa SFX-51, ref SFFX-51; 1 unidade, Obxectivo 20x0, 40 N; Microscopía DM750, cable eléctrico Europa, cámara ICC50W; Tamiz malla fondo inoxidable; Balanza electrónica; Cámara termográfica; Trompa de auga
- Microscopio estereoscópico, esteromicroscopio LEICA

Aquí incluíuse tamén o servizo de autobús para desprazamentos de alumnos dende a Facultade de Veterinaria a Granxa Experimental do Leite Campus Terra para a realización de prácticas de campo que se fan diariamente en dita granxa. 40 viaxes.

Escola Politécnica Superior de Enxeñaría: Grao en Enxeñaría agrícola e agroalimentaria, Grao en Enxeñaría forestal e do medio natural, Grao en Paisaxe, Dobre Grao en Enxeñaría agrícola e agroalimentaria e en enxeñaría forestal e do medio natural, Mestrado en Enxeñaría Agronómica, Mestrado en Enxeñaría de Montes

Preséntanse equipamentos referidos a renovación e mellora de equipamentos docentes de diferentes laboratorios de prácticas nestas titulacións:

- Laboratorio de Edafoloxía: centrífuga Fisherbrand (Fischer).
- Laboratorio de Dasometría: 2 anemómetros dixitais GM816, 2 calibres de precisión dixitais, 4 calibradores de corteza Haglof, 2 hipsómetros Nikon Forestry Pro 11, 2 hipsómetros Vertex con Bluethouuth.
- Laboratorio de Materiais: péndulo de Charpy 25 NM e caixa de protección, probetas e 12 barras para ensaio de tracción.
- Laboratorios de Botánica e Fisoloxía Vexetal: 2 esteromicroscopios Olympus SZ 51, 1 microscopio Olympus, 1 proxector de proxección con soporte. Espectrofotómetro visible V.
- Laboratorio Zooloxía: armario frigorífico CORECO Snack CSR 1302S.
- Laboratorio de Fitotecnia: Ionómetro, prensa manual para extracción de savia.
- Laboratorio de Termotecnia: 1 cámara termográfica con gardado de fotografía SD-CARD, 1 termómetro infrarrojo-IR 50+850 con sonda de temperatura tipo K, 1 termómetro PCE0 993,93, 6 sondas de temperatura, 6 sondas de temperatura de superficie con imán.
- Laboratorio de Xenética: 1 termociclador, 1 microcentrífuga, POP-7 polímero análise xenómicos.
- Laboratorio de Electrotecnia: material de laboratorio (termómetros, minicalefactores con ventilador, flexómetros, ferramentas pequenas, lámpadas con lupa, pilas diversas para multímetros, luxómetros), estación de soldadura, 2 osciloscopios 4 canais Hantek DSO4254G, redutor velocidade motor, resistencia PD5001.
- Laboratorio de Sanidade Vexetal: 8 microscopios estereoscópicos para reposición de equipos, 7 obxectivos 20x para microscopios.
- Laboratorio de Micropropagación: remodelación do laboratorio, compra de material de laboratorio (filtros cartucho Quantum, placas petri, pipetas,...) e armario.
- Laboratorio de Xeomática: software para tratamento de datos capturados con drons. Compra de licenzas de software de fotogrametría Pix4dMapper.
- Nave Construción en Madeira Estrutural: ponte guindastre (Konescranes) de 9m. de luz y 15m. de recorrido para una carga máxima de 2t.

Facultade de Administración e Dirección de Empresas: Grao en Empresa e Tecnoloxía

A implantación do novo Grao en Empresa e Tecnoloxía está incrementando o uso das aulas de informática dispoñibles na facultade (4 na actualidade). A implantación do terceiro curso do grao no curso 2022/2023 implica novos grupos de laboratorio en diferentes materias, como Comunicación Dixital, Minería de Datos ou Procesos Automáticos para a Empresa. Por iso, a dotación dunha nova aula de informática con 24 equipos completos de última xeración é imprescindible para atender as necesidades do centro.

Facultade de Ciencias: Grao de Nutrición humana e dietética, Grao en Enxeñaría de procesos químicos industriais, Grao en Bioquímica, Mestrado

Universitario en Enxeñaría de procesado de alimentos, Mestrado Universitario en Innovación en nutrición, seguridade e tecnoloxía alimentarias

- Aula de Antropometría: Equipo de calorimetría indirecta (Fitmate PRO). Trátase dun equipo que permite obter o gasto calórico en repouso, durante proba de esforzo, e durante actividade física, todo mediante cálculo por consumo de osíxeno. O equipo inclúe pantalla LCD para visualización dos parámetros, e impresora térmica, con conexión a PCE o seu propio programa informático para crear informes de resultado. Este equipo será empregado na docencia das prácticas de GNHD das seguintes materias: Nutrición Humana, Dietética, Valoración do Estado Nutricional, Nutrición do Ciclo Vital e Actividade Física, Dietoterapia e Soporte Nutricional II, Nutrición Comunitaria e Educación Nutricional e Restauración Colectiva. Tamén se contempla o seu uso nas materias do Grao en Bioquímica.
- Laboratorio Prácticas nº 12: HPLC (Infinity II) con columna LC analítica. Sistema HPLC con bomba cuaternaria VL 400 bar, inxector automático, compartimento termostatzado de columnas, detector DAD e sistema informático con software de control (Agilent Technologies). Este equipo é demandado por varias das áreas que imparten docencia, tanto no Grao de Nutrición Humana e Dietética como no Grao en Bioquímica en materias como Bioquímica e Bioloxía Molecular, Química Analítica, Farmacia e Tecnoloxía e Farmacéutica.
- Laboratorio nº 23: Microscopio invertido con técnica de contraste de fases (PH) e técnica de contraste de inversión (IVC). (IL LED Leica DM). Necesario para a dotación do laboratorio de cultivos celulares da Facultade de Ciencias. Este sistema de microscopía con cámara e software de imaxe servirá para a observación de células vivas e permitirá que todos os estudantes poidan seguir nos dispositivos portátiles imaxes ao mesmo tempo que os ensaios se van facendo no microscopio. Para empregar en materias como Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica e Fisioloxía Vexetal.
- Aula de informática nº 2: Software Dietowin 20 postos en aula de informática. Programa informático profesional de xestión de dietas que inclúe módulos para dietas de nutrición deportiva e módulos de interacción fármaco-alimento (Biológica Tecnología Médica S.L.). Uso en prácticas do Grao en Nutrición Humana e Dietética nas materias: Nutrición Humana, Dietética, Valoración do Estado Nutricional, Nutrición do Ciclo Vital e Actividade Física, Dietoterapia e Soporte Nutricional II, Nutrición Comunitaria e Educación Nutricional e Restauración Colectiva, Interacción Fármaco-Alimento.

Facultade Formación do Profesorado: Mestrado Universitario en Dirección de actividades educativas na natureza, Grao en Mestre de Educación Infantil, Grao en Mestre de Educación Primaria

Este mestrado atende a unha demanda crecente na sociedade actual, que precisa persoas expertas e con formación para atender as accións educativas que con cada vez maior expansión teñen lugar en contornos naturais. Nel participan profesores do Campus

Terra de diferentes disciplinas (educación ambiental, historia ambiental, edafoloxía, botánica, xeoloxía, ecoloxía, biodiversidade, paisaxe, arquitectura rural, etc). O material que se solicita é fundamentalmente para realizar actividades de campo:

- Material específico para diversidade funcional: 1 Joëlette.
- 1 Motorola Talkabout T82 Exteme Quad (Pack 4 walkies).

Para os graos en Educación infantil e de Educación primaria adquiriuse un obxectivo Canon ES 2,8/24-70 USM. A realización de talleres con nenos e nenas de infantil e primaria rexístranse procesos fotograficamente. Debido ás condicións dos espazos onde estes talleres transcurren, non moi ben iluminados, e tamén pola propia rapidez con que moitas veces estes procesos ocorren, necesítase dun obxectivo moi luminoso que permita recoller con moita precisión e inmediatez as accións levadas a cabo pola infancia.

Nesta partida (2022-A209) inclúense ademais estas dúas actividades:

- Participación nas Actividades de difusión no Encontro Nacional da Conferencia de Centros Universitarios de Ingenierías Agroalimentarias en Madrid (25/04/2022).
- Participación de estudantes do Mestrado en Servizos Culturais na 15ª edición de Cultural en Pontevedra (espazo de encontro para poñer en contacto artistas, creadores e compañías con profesionais de servizos culturais (24-27 novembro 2022).

Total: 259.551,89 €

2.2.3 Posta en marcha dun programa de participación de profesionais expertos do tecido produtivo e empresarial para a impartir seminarios para alumnos.

Para o primeiro cuadrimestre do curso 2022-2023 invitáronse a 15 expertos externos relacionados coas titulacións vinculadas a Campus Terra. Os centros fixeron as súas solicitudes para costear desprazamentos e dietas, aloxamento e impartición de conferencias/talleres. A continuación se presentan o listado de expertos e a temática tratada en cada caso.

- ✓ **Escola Politécnica Superior de Enxeñaría:**
- Paloma Reinoso Otero e Adolfo Ramírez Coronado. *"Descubre como integrar proyectos a una Plataforma de IoT para impulsar su digitalización"*.
- Victor Manuel Mosquera Montero. *Protocolos de comunicación para servizos de sensores.*
- José Daniel Edelstein Glaubach. *Física teórica: a musa da innovación* [Tramitada, pero pendiente de pago].
- María José Bardasco Pérez. *Os coidados do rural*.

- Guadalupe Jiménez Esquina. *Marco xeral sobre economía dos coidados no rural.*
- Marko Popovic. *Biothermodynamic background of plant growth and aging.*

✓ **Facultade de Veterinaria:**

- Diego Conde Gómez. *Apaixoad@s pola Veterinaria .*
- Óscar Rodríguez. *Massó, o sentir dun pobo.*

✓ **Facultade de Formación de Profesorado:**

- María Guerreiro Muñoz. *Valores e convivencia nos centros de educación de secundaria.*
- María Guerreiro Muñoz. *Supostos prácticos sobre convivencia e titoría entre iguais.*
- Fernando Carregal San Emeterio. *Medio natural como ferramenta del desarrollo social.*
- José Luís Blanco Carballido. *Os centros integrados de FP como espazos de innovación educativa.*
- Juan Carlos Rodríguez García. *Charla inaugural "O docente de secundaria e a educación para o desenvolvemento sostible".*
- Pedro Tomé Martín. *Confusións nos inicios das políticas conservacionistas e as súas consecuencias.*
- Nigel Dykes. *As universidades e a educación no medio natural .*

Total: 3.112,84 €

2.2.4 Renovación e adquisición dos selos internacionais de calidade en distintas titulacións.

Incidenca 2: Este ano estaba previsto renovar os selos EUR-ACE (certificación de calidade concedida por a European Network for the Accreditation of Engineering Education (ENAE), en colaboración coa ANECA para o grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e para o Mestrado Universitario en Enxeñaría de Montes. Estes selos de calidade constatan e garanten que estas titulacións cumpren cos estándares de calidade e atenden e dan resposta as necesidades dos sectores profesionais determinados por esta rede europea. Non obstante estes dous selos previstos para 2022 víronse afectados pola ampliación da duración dos mesmos debido a retrasos na ANECA, polo que estas avaliacións cambiaron de curso académico e terán que ser desenvolvidas en 2023. Con data de 16/09/2022 esta modificación do convenio foi comunicada aos responsables da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2.3 Favorecer a empregabilidade e a incorporación ao mercado de traballo dos egresados/as

2.3.1 Oferta de actividades formativas transversais para estudantes de grao e mestrado

Esta liña de actuación inclúe accións encamiñadas a ofertar actividades formativas transversais destinadas a complementar os coñecementos que os estudantes adquiren nas distintas titulacións. Existe unha clara demanda por parte do alumnado dos graos e mestrado que se imparten en Campus Terra sobre isto, sendo contidos que non se ofertan como materias dentro da formación regrada universitaria. O número de alumnos inscritos nesta edición 2022 foi de 76.

Curso de introdución ao manexo de drons

Obxectivo: Coñecer os requisitos para habilitarse como piloto de drons, en función das distintas categorías de operacións e do tipo de UAS/ drone. Aprender a planificar unha operación UAS/ drone, executar e analizar operacións e procesar datos procedentes de UAS.

Docencia presencial e virtual mixta en aula de informática e aeródromo.

20 h. Nº inscritos: 21

Datas: 17,18,19,20,21 outubro 2022

Profesorado: M^a José Iniesto , Simón Peña Villasenín.

Curso de manexo avanzado e programación de follas de cálculo

Obxectivo: Coñecer utilidades avanzadas de follas de cálculo para a súa aplicación a problemas de enxeñaría. Contidos: Táboas dinámicas. Programación de funcións avanzadas. Xestión de escenarios. Programación de macros.

20 h. Nº inscritos: 12

Datas: 6,7,13,14,20,21,27,28 outubro 2022

Profesorado: Carlos Núñez Temes

Curso de edición de documentos e presentacións en LaTeX

Obxectivo: Familiarizarse con LaTeX para creación de documentos e presentacións. Contidos: Instalación de paquetes e/ou uso de ferramentas web, documentos en LaTeX, presentacións en LaTeX.

8 h. Nº inscritos: 10

Datas: 13,15 setembro 2022

Profesorado: Fernando Rafael Pardo Seco

Taller de xestión de tarefas e do tempo

Obxectivo: Aprender a xestionar o tempo e a realización de tarefas mediante distintas técnicas e ferramentas. Contidos: Xestión de tarefas con Microsoft TODO. Xestión de proxectos con Microsoft Planner.

4 h. Nº inscritos: 11

Data: 26 setembro 2022

Profesorado: Alejandro Nieto Laredo

Curso sobre a situación actual do sector dos UAS: normativa, certificación, deseño e aplicacións

Obxectivo: Proporcionar unha visión holística do sector dos UAS en relación con aspectos relativos a lexislación, o deseño e as súas aplicacións. Contidos: Normativa UAS. Formación de pilotos. Esquema de formación. Requisitos técnicos dos UAS. Avaliación de riscos. Certificación de aeronaves non tripuladas. Deseño de prototipos. Deseño de cargas útiles. Aplicacións agroforestais e medioambientais.

30 h. Nº inscritos: 22

Datas: 13,17,18 setembro; 25 outubro; 7, 14 novembro 2022

Profesorado: Gabriel Santana Castellano, Juan José Sola Bañasco, Elsa Solera de Andrés, Laura López Sanz, M^a Carmen Cillero Castro, Lucas Alaniz Pintos, Luis Abelleira Álvarez.

Curso de análise de eficiencia e produtividade en explotacións agropecuarias

Obxectivo: Coñecer as técnicas básicas de estimación de fronteiras estocásticas para a análise de eficiencia, especialmente en explotacións agrícolas e gandeiras. A estimación de fronteiras estocásticas emprega datos de uso de factores de produción nas unidades produtivas baixo estudo. Unha vez estimada a fronteira de produción, esta técnica permite identificar a distancia de cada unidade de produción á fronteira, e os cambios precisos no uso de factores de produción para acercarse á fronteira e mellorar a eficiencia.

Incidencia 3. Este curso foi impartido só a un alumno. Non se aplica custo por non ter un número mínimo de 5 alumnos inscritos.

Curso de avaliación económico-financeira de proxectos ambientais

Obxectivo: Profundar nos aspectos económico-financeiros de proxectos ambientais. Contidos: establecemento das bases para o coñecemento do impacto económico e financeiro de proxectos sostibles. Incorporación dos aspectos ambientais/sociais na análise de proxectos de investimento sostibles.

Incidencia 4. Este curso non foi impartido por falta do número mínimo de alumnos necesarios para ser impartido.

Total: 2.429,60 €

2.3.2 Programa de prácticas no rural

Deseñouse unha convocatoria pública para o Programa de prácticas extracurriculares “Retorna ao Rural con Campus Terra” para o curso 2021/2022 (publicada o 05/05/2022 no taboleiro electrónico da USC) co fin de incentivar, con 12 axudas, á realización de prácticas en empresas e institucións situadas no rural de Galicia de 3 meses por alumno (<https://www.usc.gal/gl/campusterra/convocatorias-0>).

Este programa coincide no plantexamento co de recente implantación a nivel nacional impulsado polo Ministerio de Transición Ecolóxica y Reto Demográfico (Programa Campus Rural curso 2021/2022) co fin de que estudantes de grao ou mestrado realicen prácticas no rural noutros lugares da xeografía española e contribúan a xerar oportunidades nas áreas rurais aportando talento. O programa levado a cabo a través de Campus Terra ten o mesmo fin, pero a realizar en Galicia. Nel están moi interesados os Grupos de Desenvolvemento Rural Galegos (GDR), os cales facilitaron un listado de empresas asentadas no rural interesadas en acoller estudantes que poderían realizar as súas prácticas extracurriculares.

Levou a cabo unha oferta de 41 empresas onde os alumnos puideron escoller para facer estas prácticas segundo centro docente. Todas as empresas tiveron que formalizar ou renovar o correspondente convenio coa USC antes da incorporación dos estudantes. Desta convocatoria foron beneficiarios/as 10 alumnos/as. Os alumnos beneficiarios destas axudas e as empresas nas que fixeron as prácticas extracurriculares foron:

- Couso Campo Ero. Innogando, S.L. EPSE. (xullo, agosto, setembro).
- Dieguez Fernández, Jenifer. Entrepinares. Fac. Ciencias (xullo, agosto, setembro)
- López Oujo, Andrea. Entrepinares. Fac. Ciencias (xullo, agosto, setembro).
- Martínez López, Christian. Champivil S.L. EPSE (xullo, agosto, setembro).
- Meira Rodriguez, M^a Jesús. Lutega Cooperativa Lúpulo e Orballo. EPSE. (xullo, agosto, setembro).
- Navarro García, Silvia. Acivo S.L. Fac. Veterinaria (xullo, agosto, setembro).
- Pampín Aguiar, José Luís. Prolactea. Fac. Ciencias (xullo, agosto, setembro).
- Piñón Penelas, Aida. Vía Romana. EPSE. (xullo, agosto).
- Rodríguez Teijeiro, José. Entrepinares. Fac. Ciencias. (xullo, agosto, setembro).
- Rúa Villar, Noelia. De Heus Nutrición Animal (xullo, agosto, setembro).

Total: 11.573,23 €

2b) Liñas de actuación e accións executadas en 2022- Comunicación

2.4. Elaborar e desenvolver un plan de comunicación para reforzo da marca Campus Terra

No comezo desta nova etapa do Campus Terra se inicia un Plan de Comunicación que deber ser redeseñado e reforzado de forma importante no próximo ano. Nestes 6 meses se levaron a cabo distintas accións de comunicación dirixidas fundamentalmente a:

2.4.1. Comunicación interna entre o PDI e investigadores mozos

En cada unha das 4 Comisións de traballo creadas nas que están representados por PDIIs todos os centros vinculados a Campus Terra, e por tanto todos os ámbitos de coñecemento propios da especialización, foi presentado o plan de traballo 2022 a e o seu financiamento na data de constitución de ditas comisións no que se refire as dimensións de docencia, investigación, internacionalización e relación co tecido produtivo.

Por outro lado tamén se levou a cabo unha reunión con todos os beneficiarios/as das axudas a investigación do Campus Terra (bolsas de iniciación a investigación, contratos predoutorais, contratos posdoutorais e Ramón y Cajal) para dar a coñecer os obxectivos do Campus Terra na dimensións de Investigación e Transferencia.

2.4.2. Captación de estudantes nas titulacións deficitarias en número de alumnado

O maior esforzo de comunicación este ano realizouse no que respecta as accións dirixidas á captación de novos estudantes das titulacións deficitarias da EPSE como as que se indican a continuación:

- Comunicación en prensa dirixida a captación de estudantes das titulacións deficitarias insistindo nas posibles saídas profesionais e o seu alto grao de empregabilidade (Ver documentación no **Anexo-Docencia e Comunicación**).
- Participación en encontros co público obxectivo, neste caso alumnos/as que remataban os seus estudos de BAC o de FP superior. O fin era dar a coñecer as oportunidades que ofrecen os graos e mestrados do Campus Terra. Para ilo participouse en distintos eventos xa descritos no apartado 2.1.1. (pax. 20-22) desta memoria.
- Xornada de inicio de curso Ben Vida USC!. Lugo 13, 14 e 15 de setembro 2022.

2.4.3. Darnos a coñecer na sociedade e no sector produtivo na nosa contorna máis próxima (Lugo e Galicia) a través de eventos de transferencia e difusión de coñecemento, como os que se indican a continuación:

- Presentación do Campus Terra a Comisión Económica-Social onde están representados 4 representantes dos sectores produtivos e de transformación

(AGADER, XERA, AFRICOR, CLUSAGA), 2 representantes de empresas tractoras da provincia de Lugo (Madeiras Besteiro, Grupo Lence), 2 representantes dos centros de investigación relacionados coa temática forestal e agroalimentaria de Galicia (AGACAL, MBG-CSIC), 1 representante do sector saúde/consumo (HULA), 1 representante do sector de xestión cultural (Fundación Uxío Novoneira), 7 representantes de colexios profesionais (Agrónomos, Agrícolas, Montes, Veterinarios, Dietistas e Nutricionistas, Economistas e Enxeñeiros Industriais) (29 setembro 2022).

- Xornada de Transferencia One Health Campus Terra-HULA. Evento organizado entre Campus Terra e o Hospital Lucus Augusti para dar a coñecer a colaboración que existe sobre ese tema entre grupos de investigación do Campus Terra e equipos médicos do HULA (17 marzo 2022). Descrito con máis detalle na Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo.
- Evento Creative Jam. Evento de emprendemento aberto ao público xove en xeral, habendo participado asistentes de distintas zonas de Galicia (21-22 outubro 2022). Descrito con máis detalle na Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo.
- Evento I Feira de Emprendemento da Muller Rural (28 outubro 2022). Descrito con máis detalle na Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo.
- Leváronse a cabo tres cursos de formación dirixidos ao sector produtivo, dous sobre “Análise sensorial de alimentos” celebrados na APLTA (28 xuño e 22 setembro) e un dirixido a gandeiros celebrado na Granxa Experimental Unidade do Leite Gayoso Castro sobre “Forraxas alternativas para gando vacún de leite” (8 novembro 2022).
- Divulga-T é un evento de divulgación científica en lingua galega, promovida polo Servizo de Normalización Lingüística da USC e o Campus Terra co mecenado da Deputación Provincial de Lugo, co fin de trasladar á cidadanía as liñas de traballo e os resultados dalgúns dos proxectos de investigación que se están a desenvolver na sede universitaria luguesa dunha forma desenfadada e amena que chegue a todos os públicos (22 e 29 de novembro 2022).

2.4.4. Darnos a coñecer fora de Galicia

Docencia:

Captación de alumnado internacional de grao e mestrado empregando a plataforma Keystone Academic Solutions, que é unha plataforma para a inscrición de estudantes de educación superior a nivel mundial, os cales interactúan cun servizo en cada Universidade que responde as súas dúbidas e lles facilita a información que precisen.

Investigación e transferencia:

Distintos investigadores do Campus Terra visitaron nos últimos meses universidades extranxeiras co fin de divulgar os seus coñecementos e resultados de investigación, establecer sinerxías a nivel de investigación e transferencia e tamén para captar alumnos de doutoramento. A continuación expóñense algúns exemplos en relación con distintos eixos de especialización do Campus Terra:

Eixo produción vexetal sostible e Eixo alimentación segura e saudable:

Participación do Campus Terra na rede CRUSOE - Sistemas Agroalimentarios Competitivos – rede que impulsa o desenvolvemento rexional e a especialización intelixente do Suroeste de Europa na que se conta con investigadores do Campus Terra, concretamente en accións de innovación e investigación baseadas no Program Horizon Europe 2023-2024 - Cluster 6: Food, Bioeconomy, Natural Resources, Agriculture and Environment y EIC Pathfinder. Investigador coordinador da USC: Santiago Pereira Lorenzo.

Eixo produción e saúde animal sostible:

A investigadora do Laboratorio 'E.coli' da Facultade de Veterinaria Azucena Mora Gutiérrez participou como asesora en Producción Animal Sostible no Comité Permanente de Investigación Agropecuaria (SCAR) da Comisión Europea, reunido en Bonn (Alemania) os días 18-19 de outubro. Neste foro no que están representados 21 países, deu conta da importancia internacional do Campus Terra nos ámbitos de benestar e saúde animal, así como da produción animal sostibles desde a perspectiva One Health.

Eixo Alimentación segura e saudable:

A Universidade Autónoma de Chapingo-Campus Huatusco en México está moi interesada en realizar un programa de doutoramento conxunto con Campus Terra sobre temas alimentarios. Xa existe un programa marco con esta universidade, de feito unha comitiva de profesores e alumnos de dita universidade teñen previsto visitar o Campus Terra e a APLTA en particular ao inicio do próximo ano. A investigadora Angeles Romero Rodríguez visitou no mes de outubro a Universidade Autónoma de Chapingo e impartiu varias conferencias en relación as liñas de investigación que desenvolve sobre temas alimentarios no Campus.

Eixo Producción vexetal sostible, Producción e saúde animal sostible, Alimentación segura e saudable e Xestión forestal sostible, TICs:

O día 19/10/22 visitou o Campus Terra o representante de relacións internacionais, Deberson Ferreira de Jesús, da Universidade Federal de Mato Grosso de Brasil. Mostrou o seu interese en establecer proxectos conxuntos e buscar a posibilidade de co-tutorizar a doutorandos procedentes de Brasil ou de Campus Terra.

Eixo Xestión Forestal Sostible:

Marko Popovic, investigador posdoutoral e profesor asociado do departamento de Biotermodinámica da Universidade Técnica de Munich (Alemania) impartiu o día 2 de novembro 2022 un seminario sobre a caracterización enerxética e termodinámica da materia orgánica do solo. O seminario foi dirixido a estudantes dos últimos anos de grado e a persoal investigador e docente do Campus Terra interesado en coñecer estas técnicas, polo seu impacto na caracterización de biomasa como fonte de enerxía

renovable, entre outros. O seminario levado a cabo vía online suscitou un considerable interese no Campus e tamén a nivel internacional, proba diso foi o número de extranxeiros que se uniron a impartición deste seminario desde distintas partes do mundo (Europa, Estados Unidos). A colaboración co profesor Popovic é tamén unha maneira de dar a coñecer fora de España a existencia do Campus Terra e a súa actividade científica.

2.4.5. Reforzar a nova imaxe do Campus Terra (edición de novo material de merchandising e melloras na páxina web)

Dentro do marco da imaxe institucional da USC intentouse facer algún cambio no logo Campus Terra e editar novo material publicitario, por outro lado adaptouse a páxina web ao novo modelo corporativo da USC, renováronse contidos e estanse creando novas pestanas que conteñan información clave sobre o campus de especialización (usc.gal/gl/campusterra).

2.4.6. Reforzo do impacto nas redes sociais

Este epígrafe correspóndese cun Punto de Control onde a Comisión de Avaliación do Campus Terra incide que “en 2 anos despois do inicio do período de acreditación CTerra terá que incrementar ao menos un 100% o número de seguidores en redes sociais”. A continuación faise unha análise do estado das redes sociais Facebook, Twitter e Instagram a data 15/11/2022.

Para avaliar o rendemento das redes sociais do Campus Terra cómpre pór en relación as dimensións da súa comunidade virtual coa que tería potencialmente. Nese senso, de cara a obter un parámetro comparativo de referencia, estableceuse unha análise do número de seguidores en relación ao alumnado que estuda en cada un dos Campus de especialización galegos. Nese análise detectouse que:

- En Facebook, a conta do Campus Terra é a segunda mellor de Galicia de acordo con este parámetro, xa que a súa comunidade representa un valor equivalente ao 90% do alumnado.
- En Twitter, o volume da comunidade do Campus Terra (3.165 seguidores na actualidade) supón unha cantidade que equivale a un 79% do alumnado actual.
- En Instagram, o Campus Terra comparte liderado co Campus Industrial de Ferrol, posto que ambos suman unha comunidade virtual que supera o 50% da que representa o seu alumnado.

Os custos sobre o apartado de Comunicación están resumidos no apartado 2.4. da Táboa 6: Custos anualidade 2022-Docencia e Comunicación (páx. 40).



Laboratorio habilidadesclínicas (F.Veterinaria)



Laboratorio cultivo *in vitro* de planta (EPSE)

Custos anualidade 2022 Docencia e Comunicación

Táboa 6

 Custos anualidade
2022 Docencia e
Comunicación

DIMENSIÓN DOCENCIA/COMUNICACIÓN	2022 (€)
2.1. Desenvolvemento novo modelo de Titulacións	39.047,23
<i>Titulacións de Grao e Mestrado con baixo número de alumnos</i>	23.296,78
<i>Creación de novos mestrados</i>	12.750,45
<i>Formación continua para o alumnado</i>	3.000,00
2.2. Mellorar a calidade da docencia	267.055,80
<i>Formación profesorado</i>	4.791,07
<i>Equipamentos docentes</i>	259.551,89
<i>Fac. de Veterinaria</i>	68.050,73
<i>Escola Politécnica Superior de Enxeñería</i>	103.145,21
<i>Fac. de Admón. E Dirección de Empresas</i>	18.150,00
<i>Fac. de Ciencias</i>	58.647,11
<i>Facultade Formación do Profesorado</i>	11.159,04
<i>Seminarios impartidos por expertos para alumnos</i>	3.112,84
<i>Selos de calidade</i>	0,00
2.3. Favorecer a empregabilidade	14.002,83
<i>Actividades formativas transversais para estudantes de grao e mestrado</i>	2.429,60
<i>Programa prácticas no rural</i>	11.573,23
2.4. Desenvolver Plan de comunicación	28.011,59
<i>Xestión redes sociais</i>	11.549,42
<i>Campaña audiovisual CTerra curso 2022-23</i>	4.246,12
<i>Publicidade en prensa</i>	4.645,70
<i>Desenvolvemento marca Campus Terra</i>	7.570,35
Totais	348.117,45

DIMENSIÓN **03**

Investigación ✓

0. Puntos de control:

No punto 2.4. do Protocolo, **mellora das estruturas de investigación**, indícanse os seguintes puntos de control:

- Promover liñas de investigación de interese para o campus.
- Diminuír a atomización dos grupos de investigación.
- Nos 2 primeiros anos: redución do número de grupos sen persoal predoc e/ou posdoc de polo menos un 25% do valor actual.
- Captación de talento: que terá que concibirse como un programa propio que facilite os incentivos necesarios para a captación de persoal investigador, que permita mellorar o desempeño do campus ao tempo que garanta un adecuado relevo xeracional.
- Incremento do número de predoutorais e postdoutorais. En 3 anos un 100% superior en predoutorais e un 80% en postdoutorais a o existente no momento cero, e a través de convocatorias competitivas, e propias.
- Elaboración dunha planificación estratéxica no primeiro ano, temporalizada e valorada, que permita avaliar o desenvolvemento dunha proposta de centro de investigación para Campus Terra.

E no punto 2.5. do protocolo, **mellora dos indicadores da actividade investigadora**, indícanse asemade os seguintes puntos de control:

- Incremento en captación de proxectos competitivos e de contratos e convenios de investigación ou de valorización e transferencia.
- Incremento nos 2 primeiros anos do 10% no número de publicacións en revistas indexadas.
- Incremento do número de novos doutorandos ou de teses defendidas nos ámbitos de especialización do campus (un 15% máis en 4 anos).

3. Liñas de actuación e accións executadas en 2022 - Investigación

No ámbito da investigaciónponse énfase na necesidade de situar a investigación do Campus Terra a un nivel de excelencia e competitividade internacional. Para elo

trabállase na reorganización das estruturas de investigación xa existentes no campus, co fin de agregar capacidades e incluso consolidar unha figura de instituto/s ou centro/s de excelencia. Por outro lado, é firme a vontade de impulsar programas que acompañen e reforcen as vocacións científicas e docentes de mozos/as investigadores/as, ademais de atraer e consolidar talento o que se reflicte nun investimento para este fin do 45,7% do orzamento total do que disporá o campus de especialización no período de catro anos.

As liñas de actuación e accións levadas a cabo nesta dimensión de Investigación, nos 6 meses de inicio desta nova etapa do Campus Terra, foron as que se describen a continuación.

3.1. Reforzo estruturas de investigación

Para isto é imprescindible poñer en valor as estruturas de investigación xa existentes no campus co fin de mellorar a súa funcionalidade, incrementar a capacidade e calidade das súas actividades, mellorar a oferta dos seus servizos e potenciar a difusión dos resultados, así como a proposta de creación dun instituto/s ou centro/s de excelencia.

Na memoria do convenio visado pola Xunta en abril de 2022, propoñíanse dúas accións aprazadas para o ano 2023: ampliación da estrutura departamental e facer unha proposta de centro/instituto que aglutine a excelencia da investigación especializada do Campus Terra aproveitando o traballo xa realizado pola agrupación estratéxica BioReDes.

Nestes 6 meses e con motivo da entrada en vigor da nova lei laboral, a USC puxo en marcha a creación de Programas Agrupados de Xestión Integrada (PAXI) como fórmula para poder favorecer a estabilización de persoal. Baixo esta figura producíronse movementos entre os grupos de investigación, de tal xeito que chegaron a crearse, polo momento, 5 PAXIs (IBADER, PROUXAFORES, PAVILLÓN4, PROCIGEO e SISTEMAS AGROFORESTAIS). A polarización dos grupos neste tipo de programas, con afinidades temáticas e intereses comúns, axudará a identificar onde están as maiores fortalezas e excelencia para poder organizar a investigación entorno a un centro/s de referencia.

Non se solicitou financiamento nesta anualidade porque é unha actividade na que se traballará no próximo ano, tal e como figura no convenio asinado entre a Consellería e a USC o 27/07/2022.

3.2. Potenciar a carreira investigadora

Nas aulas de grao e mestrado de Campus Terra existen vocacións científicas que é necesario impulsar para asegurar o futuro relevo xeracional do PDI no campus. Por iso, promover e formar aos mozos/as investigadores/as cuns programas de financiamento e formación, constitúe un obxectivo prioritario. Polo mesmo motivo, a retención e captación de talento é unha aposta determinante para este Campus. As accións levadas a cabo dentro desta liña de actuación pretenden garantir unha carreira investigadora e

docente focalizada no ámbito de Campus Terra progresiva, predicible e máis estable. Dentro desta liña de actuación en 2022 desenvóléronse as seguintes accións:

3.2.1 Programa "Xermolos". Bolsas de iniciación a investigación Campus Terra

Por Resolución Reitoral do 21 de xullo de 2022, convocáronse 14 bolsas de iniciación a investigación (2 por eixo de especialización). Son axudas de iniciación á investigación para estudantes de último curso de grao ou mestrado (14 axudas/ano de 8 meses de duración cunha dotación total de 6.208 € por axuda. Realizouse un pago único a cada beneficiario no mes de novembro 2022). Estas axudas foron adxudicadas en función do expediente académico do candidato/a cun valor máximo de 8 puntos e un proxecto de iniciación a investigación cunha puntuación máxima de 2 puntos, e sempre tendo en conta que o traballo a desenvolver estea vinculado as liñas de investigación de especialización do Campus Terra (<https://www.usc.gal/gl/campusterra/convocatorias-2022>).

Os beneficiarios desta edición foron os seguintes estudantes e o eixo de especialización do Campus Terra polo que se presentaron:

1. Álvarez Torres, Jacobo (Producción e saúde Animal)
2. Castiñeira Carracedo, Martínño (TICs)
3. Castro Fernández, María (Biodiversidade)
4. García Méndez, Paula (Biodiversidade)
5. Hernández Faria de Moares, Stella (TICs)
6. Lorenzo Lourido, Alicia (TiCs)
7. Miguez Gonzalez, Ainoa (Producción Vexetal)
8. Roade Perez, Paula (Alimentación)
9. Seoane Conde, Inés (Producción Vexetal)
10. Travers Rama, Sofía (Producción e saúde Animal)
11. Valcarcel López, Ana (Producción e saúde Animal)
12. Valiño Marques, Alberto (Producción e saúde Animal)
13. Varela Vázquez, Lucía (Producción Animal)
14. Vilar Fajardo, Pablo (Producción Animal)

Total: 86.912 €

3.2.2 Programa de contratos predoutorais propios Campus Terra

Por Resolución Reitoral do 12 de maio de 2022, convocáronse 6 contratos predoutorais de 3 anos de duración, que levan parello o financiamento para facer unha estadía no estranxeiro de 3 meses de duración no segundo ano de desfrute do contrato. Para a adxudicación destes contratos o 60% da puntuación final de cada persoa aspirante obtívose sobre a media do seu expediente académico de acceso ao doutoramento, establecendo unha nota mínima de 6 puntos. O 40% restante da puntuación final

obtivoise da avaliación do seu Plan de Investigación, así como da idoneidade do currículo da persoa aspirante para desenvolver a súa tese en algún dos 7 eixos de especialización do Campus Terra. O proceso selectivo encargouse a unha comisión avaliadora formada por 2 PDIIs da USC e 3 externos. A retribución bruta de cada contrato é de 1.810,75 €/mes (<https://www.usc.gal/gl/campusterra/convocatorias-2022>). Todos os contratos asináronse o día 1 de agosto de 2022 e nesta anualidade se pagaron os meses de agosto, setembro, outubro e novembro, exceptuando a seguridade social do mes de novembro, o cal fai un montante de 6.846,55 € para cada beneficiario/a.

Os beneficiarios desta edición e o eixo de especialización do Campus Terra polo que se presentaron foron:

1. Cela Dablanca, Raquel (Producción Vexetal)
2. Fouz Varela, David (Cambio climático)
3. Jiménez Orellana, Miguel (Alimentación)
4. Martínez Calbuig, Miguel (Producción Animal)
5. Martínez Sambade, Inés (TICs)
6. Rodríguez Ruiz, Joel (Xestión Forestal Sostible)

Total: 41.079,30 €

3.2.3. Programa de contratos posdoutorais propios Campus Terra

Por Resolución Reitoral do 12 de maio de 2022, convocáronse 4 contratos posdoutorais de 3 anos de duración. A retribución bruta mensual é de 2.666,69 €. Así mesmo, as persoas contratadas recibirán en 2023 un complemento de apoio de 22.500 € para desenvolver un proxecto de investigación. O proceso selectivo encargouse a unha comisión avaliadora nomeada polo reitor formada por 2 PDIIs da USC e 3 externos. A comisión avaliadora outorgou a puntuación correspondente a cada persoa candidata segundo o baremo indicado na convocatoria, tanto para o CV (60% da nota final) como para o Plan de Traballo investigador a desenvolver durante o período de duración do contrato (40% da nota final) (<https://www.usc.gal/gl/campusterra/convocatorias-2022>). Todos os contratos asináronse o día 1 de agosto de 2022 e nesta anualidade se pagaron os meses de agosto, setembro, outubro e novembro, exceptuando a seguridade social do mes de novembro, o cal fai un montante de 10.029,51 € para cada beneficiario/a.

Os beneficiarios desta edición e o eixo de especialización do Campus Terra polo que se presentaron foron:

1. Casanova Chiclana, Adrián (TICs)
2. Cruz de la Fuente, Óscar (Biodiversidade)
3. Gegunde Mosquera, Sandra (Alimentación)
4. López Lorenzo, Gonzalo (Producción Animal)

Total: 40.118,04 €

3.2.4. Financiamento adicional para contratados Ramón y Cajal

Nesta anualidade co fin de incentivar o traballo dos 3 Ramón y Cajal que temos en Campus Terra, se lles concedeu un complemento a axuda que reciben do Ministerio de 17.000 €/ano a cada un en base a resultados que presentan nun informe trimestral.

Os beneficiarios foron:

1. Marisol Arias Vázquez, especializada en Patoloxía Animal
2. Patricia López Sánchez, especializada en Propiedades Físicas de Alimentos
3. César Pérez Cruzado, especializado en Xestión Forestal Sostible

Nesta anualidade se lles fixo unha addenda ao seu contrato con un importe complementario de 8.501,79 € para cada un por 6 meses de traballo.

Total: 25.505,37 €

3.2.5. Formación en competencias transversais para predoutorais e posdoutorais

Durante o segundo semestre de 2022 impartíronse as seguintes formacións:

Curso de deseño e análise de experimentos

O obxectivo deste curso foi dotar aos alumnos de ferramentas básicas para o establecemento de experimentos científicos, incluíndo a fase de deseño dos mesmos e a análise de resultados.

Impartida por: M^a José Ginzo Villamayor

10 h. N^o inscritos: 12

Datas: 12,13,14 xullo 2022

Xornada Convocatorias de Persoal de Investigación da Agencia Estatal de Investigación (AEI)

Esta xornada, celebrada o 2 de novembro 2022 despertou un alto interese entre investigadores pre e posdoutorais do noroeste peninsular, cun total de 35 asistentes das tres Universidades do SUG, a Universidade de Oviedo, a Universidade de Valladolid e do CSIC. Tamén asistiu persoal investigador de spin-offs e empresas de base tecnolóxica de temáticas relacionadas coa investigación que se desenvolve en Campus Terra. A xornada consistiu na presentación por parte de Bárbara Alcocer Muñoz, Subdirectora General Adjunta de Recursos Humanos para a Investigación da AEI, de axudas de investigación para persoal da AEI. A Subdirectora presentou novas axudas de investigación da Axencia, tales como o Programa de Consolidación, e o novo formato do Programa Ramón y Cajal. A continuación celebrouse unha mesa redonda con avaliadores e beneficiarios, no que os participantes tiveron a oportunidade de resolver dúbidas sobre

o proceso de elaboración de propostas e avaliación de distintas axudas (AEI, FPI, FPU, Doutorado Industrial, Juan de la Cierva, Persoal Técnico de Apoio, Torres Quevedo, Margarita Salas, María Zambrano, Proyectos para Jóvenes Investigadores (JIN).

Impartida por: Bárbara Alcocer Muñoz

Participación na mesa redonda de beneficiarios de axudas de RRHH do Ministerio da Universidade de Valladolid-Campus de Soria (Francisco Mauro Gutiérrez, Rafael Alonso Ponce, Raquel Martín Rodrigo) e da UVigo (Laura Alonso Martínez e Esteban Gómez García).

5 h. Nº inscritos: 35

Data: 2 novembro 2022

3.2.6. Programa de Mentorización de investigadores mozos/as Campus Terra

O termo mentorización científica fai referencia ao seguimento do desenvolvemento da carreira investigadora dunha persoa (mentor) por outra que non ten máis interese que o beneficio do mentorizado. A institucionalización destas figuras é de recente implantación, atopándose actualmente en proceso de desenvolvemento nos países do norte de Europa (ver Pommerenning et al (2021), <https://doi.org/10.1007/978-3-030-65467-2>). O programa de mentorización do Campus Terra ten como obxectivo o apoio aos mozos/as investigadores/as pre e posdoutorais mediante un programa que consta de dúas fases: 1) identificación de necesidades formativas e/ou de apoio en aspectos concretos relacionados coa carreira científica, e 2) impartición de talleres, cursos e seminarios por parte de expertos nas temáticas detectadas na primeira fase.

Para a anualidade 2022 propuxérase a visita do profesor Prof. Dr. Arne Pommerenning (Swedish University of Agricultural Sciences, Suecia), pero por motivos de axenda non puido vir nesta ocasión. No seu lugar organizouse en liña, o 31 de outubro, o “Curso European and American options for developing a research career” sobre as oportunidades para desenvolver unha carreira científica en Europa e en Estados Unidos, a cargo do investigador posdoutoral e profesor asociado do departamento de Biotermodinámica de Universidade Técnica de Múnich (Alemania) Marko Popovic, quen compartiu co público conectado datos prácticos sobre como enfocar a súa carreira investigadora a nivel internacional, desde a súa perspectiva e experiencia persoal.

Impartido por: Marko Popovic

2 h. Nº Inscritos: 22

Data: 3 novembro

Custos: pendente de pago (cobro o ano seguinte)

3.2.7. Eventos organizados pola asociación Agromar

Esta é unha asociación estudiantil na que se integran os investigadores predoutorais e posdoutorais do Campus Terra. O 9 e 11 de maio levaron a cabo o *Festival Pint of Science*. Trátase dun evento que se leva a cabo de forma simultánea en varios países

do mundo e en varias cidades de España no mes de maio. É unha iniciativa que ten como obxectivo ofrecer charlas interesantes, divertidas e importantes sobre as últimas investigacións científicas nun formato accesible ao público e moi próximo, concretamente nun bar.

- ✓ **Festival Pint of Science. Día 9 de maio no bar "A Carballeira"**, tratáronse os seguintes temas:
 Bosques e mercados de carbono. César Pérez Cruzado
 Bases científicas para a protección dos solos. Agustín Merino García
 Superbacterias: del filete al zorro y la diarrea. Azucena Mora Gutiérrez
 Minerais contra o cancro. Marta López Alonso

- ✓ **Festival Pint of Science. Día 11 de maio "Club Clavicémbalo"**, tratáronse os seguintes temas:
 Plantas por un tubo. José Luís Fernández Lorenzo
 Agricultura intensiva e agricultura sostible: Agroecoloxía. Rosa Mosquera Losada

TOTAL: 1.969,16 €

3.3 Potenciar a colaboración entre grupos de investigación e participación en redes

3.3.1. Tecer redes internas

Proxectos colaborativos entre distintos grupos de investigación:

Por Resolución Reitoral de 28 de xullo foron convocados proxectos colaborativos entre os grupos de investigación do Campus Terra, que poden ser apoiados e reforzados coa participación de axentes externos (outros centros de investigación non universitarios, empresas) e con grupos doutras universidades. Os proxectos tiñan que estar vinculados a algún dos 7 eixos de especialización do campus:

- Producción Vexetal e Agricultura Sostible
- Producción e Saúde Animal Sostible
- Alimentación Segura e Saudable
- Xestión Forestal Sostible
- Biodiversidade e Infraestruturas verdes
- Cambio climático
- Novas tecnoloxías ómicas e TICs

Presentáronse 20 solicitudes das que se concederon 10 con un importe de 18.000 € cada unha a desenvolver o proxecto nun período de 12 meses dende a súa resolución. Nesta anualidade a aportación foi de 8.000 € por proxecto, aínda que nalgúns deles xa se realizou algo de gasto corresponde a seguinte anualidade. Os proxectos foron avaliados por un tribunal formado por 4 persoas, 3 externas a USC, como se pode comprobar na

convocatoria publicada (<https://www.usc.gal/gl/campusterra/convocatorias-2022>). O conxunto dos proxectos presentados superaron os 60 puntos de puntuación mínima requirida e procuraron ser o máis multidisciplinares posibles (estiveron compostos por 2-5 áreas de coñecemento). Os solicitantes que, nesta convocatoria, resultaron beneficiados por orde de puntuación (que oscilou entre 89,6 e 80,6) foron:

1. Saúde e benestar en vacún de leite: Implicacións relativas á separación da cría e o seu aleitamento. IP: Ramiro A. Fouz Dopacio (3 áreas). Eixo: Produción e Saúde Animal Sostibles.
2. Desenvolvemento de filmes con antioxidantes catalíticos para envasado activo de alimentos. IP: Marcelino Maneiro Maneiro (5 áreas). Eixo: Alimentación Segura e Saudable.
3. Brevetoxinas: Un risco emerxente de seguridade alimentaria. IP: Carmen Louzao Ojeda (2 áreas). Eixo: Alimentación Segura e Saudable.
4. Novos modelos de hortas en Lugo e a súa contorna: saberes agroecolóxicos, seguridade alimentaria e resiliencia local. IP: Ana Cabana Iglesia (5 áreas). Eixo: Alimentación segura e saudable.
5. Agricultura de precisión con millo forraxeiro. IP: Javier Bueno Lema (3 áreas). Eixo: Produción Vexetal Sostible.
6. Deseño óptimo de infraestruturas sostibles. IP: Miguel Ernesto Vázquez Méndez (3 áreas). Eixo: Biodiversidade e Infraestruturas verdes.
7. Estudo morfolóxico e xenómico do sistema olfativo de linguado senegalés e o seu papel na reprodución en cautividade. IP: Paulino Martínez Portela (2 áreas). Eixo: TICS, ómicas.
8. Avaliación do impacto climático na presenza de fungos e de micotoxinas que afectan ao sector primario galego. IP: M^a Jesús Sainz Osés (2 áreas). Eixo: Cambio climático.
9. Estudo do cambio climático sobre a saúde e benestar, eficiencia reprodutiva e calidade do leite nas explotacións lácteas da provincia de Lugo. IP: Rodrigo Muiño Otero (3 áreas). Eixo: Cambio climático.
10. Localización e diferenciación de castaños (*Castanea sativa* Mill.) enxertados con cultivares tradicionais mediante análise espazo-temporal de imaxes aéreas e xenotipado por SSR. IP: Emilio Rafael Díaz Varela (3 áreas). Eixo: Biodiversidade e Infraestruturas verdes.

Adquisición de equipamento de interese para diferentes grupos de investigación:

Ademais dos proxectos colaborativos, dentro deste apartado inclúese o custo dun reómetro, equipo imprescindible para o traballo que está a desenvolver a Ramón y Cajal recentemente incorporada na APLTA do Campus Terra, Patricia López Sánchez, experta na estrutura dos alimentos e as súas propiedades nutricionais e tecnofuncionais, pero tamén de interese para outros grupos de investigación do Campus Terra.

O reómetro adquirido é o híbrido Discovery HR20 (TA Instruments) que posúe a tecnoloxía máis avanzada en medidas reolóxicas. As características específicas deste equipo como por exemplo o coxinete áxil magnético, o motor "copa de arrastre" de baixa inercia sen contacto, o transdutor de forza normal, e o codificador óptico dual, todo iso situado nunha única cabeza, facilitan o estudo do comportamento reolóxico dunha gran variedade de materiais dentro dun gran rango de viscosidades e viscoelasticidades. Ademais os accesorios de triboloxía e reoloxía interfacial que se mercaron permiten o estudo de propiedades relevantes para o estudo da estabilidade e textura dos alimentos. Debido á versatilidade e sensibilidade deste novo instrumento pódense medir diferentes tipos de materiais que non son alimentos, e será de utilidade, entre outros, aos seguintes grupos do Campus Terra: grupos da área de tecnoloxía dos alimentos que traballan con ingredientes e produtos alimenticios (ASVAVDNA, CTleite), grupos que traballan con ingredientes e produtos de orixen forestal, como celulosas, hemicelulosas, alcoholes (SWT, Novas Metodoloxías Sintéticas), grupos que traballan con compostos e produtos farmacéuticos (FARMATOX), grupos que traballan con solos onde as propiedades de fluxo dos solos poden estudarse en función da composición, pH, temperatura, etc. (AGRONOMÍA, UXAFORES).

O reómetro está situado no Laboratorio de propiedades físicas da APLTA e por tanto, forma parte dos servizos que a APLTA oferta como servizos xerais.

TOTAL: 173.554,76 €

3.3.2. Tecer redes externas

Participación do Campus Terra en foros europeos:

Campus Terra participa activamente en dous foros europeos de gran importancia para o sector primario:

- **Comité Permanente de Investigación Agrícola (SCAR)**, coa misión de asesorar á Comisión e aos Estados membros sobre a coordinación da investigación agrícola en Europa. As súas funcións son de asesoramento sobre investigación agrícola europea e bioeconomía, dirixidas a impulsar a coordinación de programas nacionais de investigación, facilitando que os sectores público-público e público-privado traballen xuntos na abordaxe dos desafíos que enfrenta a área da bioeconomía. Campus Terra forma parte do consorcio gañador para a licitación da Comisión Europea do contrato marco de servizos RTD/2021/OP/0001 – SCAR: Análise estratéxica e apoio para mellorar a cooperación en investigación en agricultura e alimentación. Nel participan 14 investigadores do Campus, que dan soporte a tres grupos de traballo, á vez que posicionan Campus Terra no foco das políticas activas tanto no presente, como a curto e medio prazo no seu ámbito de especialización.

A investigadora do Laboratorio 'E.coli' da Facultade de Veterinaria Azucena Mora Gutiérrez, é asesora en Produción Animal Sostible no Comité Permanente de Investigación Agropecuaria (SCAR) da Comisión Europea. Este Comité reuniuse en Bonn (Alemania) os días 18-19 de outubro, foro no que están representados

21 países, nesta reunión Azucena Mora e Paula Rodríguez Villamayor deron conta da importancia internacional do Campus Terra nos ámbitos de benestar e saúde animal, así como da produción animal sostibles desde a perspectiva One Health.

- A **Asociación Europea de Innovación para a Produtividade e Sustentabilidade Agrícola (EIP- AGRI)** ten como obxectivo fomentar un sector agrícola e forestal competitivo e sostible, que contribúa a garantir unha subministración constante de alimentos, pensos e biomateriais e á xestión sostible dos recursos naturais esenciais dos que dependen a agricultura e a silvicultura, traballando en harmonía co medio ambiente. Para lograr este obxectivo, EIP- AGRI reúne aos actores da innovación (agricultores, asesores, investigadores, empresas, ONG, etc.). Campus Terra participa por segunda vez no consorcio ao que foi adxudicada a licitación da Comisión Europea do contrato marco de servizos en rede de apoio da Política Agrícola Común (PAC). Procedemento de contratación AGRI/2020/ OP/0005, que facilita un achegamento as políticas da Unión Europea para o impulso da innovación nos sectores agrícola e forestal, así como conecta os mundos da investigación e da produción para os devanditos sectores.

Convocatoria de axudas a mobilidade de investigadores:

O 20 de outubro de 2022 faise pública a Convocatoria de axudas a mobilidade de persoal investigador Campus Terra 2022 (<https://www.usc.gal/gl/campusterra/convocatorias-2022>) para financiar viaxes con motivo de asistencia a cursos, congresos, xornadas técnicas e estadias fora de Galicia que non conten con outra fonte de financiamento. Presentáronse 30 solicitudes das que foron admitidas e concedidas 27, o 85% delas foron solicitadas por investigadores mozos/as. No seguinte listado detallase o beneficiario/a e o evento ou estadia.

1. Barreiro Buján, Ana Isabel. 22NA World Congress of Soil Science (Edimburgo).
2. Cancela Barrio, Javier Jose. Jornada técnica Impacto del coste energético en el regadío (Madrid); IV Jornadas de Vitivinicultura (Pamplona).
3. Cao Cancelas, Alejandro. XIV Reunión Ibérica sobre Microalgas Nocivas e Biotoxinas Marinhas (Lisboa).
4. Cela Dablanca, Raquel. 22NA World Congress of Soil Science (Edimburgo).
5. Cifuentes Martínez, Jose Manuel. XXVII Congreso Nacional e XVIII Congreso Iberoamericano de historia de la veterinaria (Jerez de la Frontera).
6. Fandiño Beiro, María. IV Jornadas de Vitivinicultura (Pamplona).
7. Freire Paz, Elena. VIII Congreso da APA. Os novos anos 20: Desafíos, incertezas, resiliencias (Évora, Portugal).
8. Gandoy Fieiras, Nerea. Curso de manipulación de animais de experimentación peces-anfibios (Sevilla).
9. Hernández Faria de Moraes, Stella. VII Jornadas Ibéricas de Fotoquímica (Madrid).
10. López Lorenzo, Gonzalo. XII Congreso de la AVPA (Zaragoza).

11. López Santamarina, Aroa. XXVI Jornadas Internacionales de Nutrición Práctica; XV Congreso Internacional SEDCA (Madrid).
12. Martínez Calabuig, Néstor. XII Congreso de la Sociedad Española de Cetáceos (Ibiza).
13. Martínez Sambade, Inés. International Symposium Genomics in Agricultura (Granada).
14. Perez de Lis Castro, Gonzalo. Encuentro anual Ecological Society of America (Montreal).
15. Prieto Lago, Alberto. 57 Congreso Nacional de AVEPA, XVI Southern European Veterinarian Conference (Sevilla).
16. Regal López, Patricia. Conference Euroresidue IX (Amsterdam).
17. Rocha Álvarez, Edelmiro. II Congreso Internacional RIEN (Madrid).
18. Rodríguez Bermúdez, Ruth. XXIII Simposio Iberoamericano CONBIANA conservación y utilización de recursos zoogenéticos (Córdoba).
19. Rodríguez Fernández, Marta. IV Jornadas de Vitivinicultura (Pamplona).
20. Rodríguez Villamayor, Paula. Congreso americano de neurociencia Society of Neuroscience (Los Ángeles).
21. Saldaña Ruíz, Ana. XIII Congreso de la Sociedad Española de Cetáceos (Ibiza).
22. Santamarina Pernas, Germán. Curso "Cutting-edge techniques in interventions Radiology & Cardiology" (Barcelona).
23. Sinisterra Loaiza, Laura. Curso de manipulación de animales de experimentación peces- anfibios (Sevilla).
24. Suarez Rey, María Luisa. Curso "Cutting-edge techniques in interventions Radiology & Cardiology" (Barcelona).
25. Torres Sabino, Dorinda. 6th Genomics in Aquaculture Symposium (Granada).
26. Veiga Izaguirre, Marta. Estadía investigación University Bangor (Gales).
27. Yáñez Ramil, Uxía. 16º Congreso Internacional AERA 2022 (León).

TOTAL: 9.514, 37 €

3.4 Participación en proxectos internacionais

O Laboratorio do Territorio (GI 1934 TB) presentou a proposta EUSOILSLAB - The European Soils Lab Community á convocatoria HORIZON-MISS-2022-SOIL-01-08.

Dita convocatoria pretende impulsar a creación dunha estrutura de coordinación e apoio á futura rede europea the Soil Health Living Labs, elemento fundamental na implementación da European Soil Mission. A oportunidade de liderar dita estrutura de apoio ofrece unha posición estratéxica ao Campus Terra da USC para converterse en referente no eido da sustentabilidade e saúde dos solos en Europa, contribuíndo a convertilo nun dos nodos principais centros e actividades de investigación aplicada, experimentación, transferencia, divulgación e formación.

A proposta EUSOILSLAB ten coma obxectivo fundamental o deseño, desenvolvemento e implantación do METASoil Hub, unha plataforma SIX-Web multi-servicio online que funcionaría a modo Hub web de todos os Living Labs rexionais impulsados pola Comisión

Europea (arredor de 100 ata 2028), e que avanzaría na creación do European Data Space en materia de solos. Para o deseño do concepto do METASoil Hub e a elaboración da candidatura EUSOILSLAB contouse co apoio e consultoría do Grupo de Arquitectura de Computadores (GAC) da UDC, pola súa dilatada experiencia no deseño e desenvolvemento de ferramentas SIX-Web aplicados a diferentes eidos da xestión territorial e dos recursos naturais.

TOTAL: 12.000 €

3.5 Contratación dun técnico/a de Innovación e Xestión de I+D+i

Para o desenvolvemento de todas as liñas de actuación dentro do ámbito da investigación no Campus Terra foi necesaria a adscrición dun Técnico/a superior de xestión con perfil de Innovación e Xestión de I+D+i. Neste caso, a adscrición correspondeu ao técnico superior de xestión, José Manuel Rebolo González.

Costos de contratación: 36.358,74 € (de xaneiro a novembro 2022 sen a seguridade social de novembro)

TOTAL: 36.358,74 €



Parte dos investigadores/as mozos/as beneficiarios das axudas Campus Terra 2022.

Custos anualidade 2022-Investigación [€]

Táboa 7

Custos
anualidade
2022
Investigación

DIMENSIÓN INVESTIGACIÓN	NÚMERO	2022 (€)
3.2. Potenciar a carreira investigadora/relevo xeracional		195.584,23
Bolsas/contratos de Iniciación Investigación	14	86.912,00
Contratos Predoutorais (2022)	6	41.079,30
Contratos Posdoutorais (2022)	4	40.118,04
Suplementos <i>Ramón y Cajal</i>	3	25.505,73
Formación competencias transversais investigadores predoutorais/posdoutorais, mentorización, Pint of Science (Agromar)		1.969,16
3.3. Potenciar a colaboración entre grupos, participación en redes e mobilidade		183.156,81
Proxectos Colaborativos	10	90.954,76
Axudas á mobilidade		8.625,50
Reómetro para a APLTA (equipo de interese para varios grupos de investigación)		82.600,00
Participación en redes internacionais		888,87
3.4. Participación en proxectos internacionais		12.000
3.5. Contrato do técnico/a de innovación e xestión I+D+i		36.358,74
Totais		427.012,10

DIMENSIÓN

04

Interacción co tecido productivo

0. Puntos de control

No punto 2.7. do protocolo asinado, **plataformas tecnolóxicas do campus**, indícanse os seguintes puntos de control:

- *Reforzo das plantillas e dos equipamentos asignados as plataformas técnicas do Campus Terra.*
- *No prazo dun ano debe ser presentado un proxecto de reforzo das plataformas técnicas baseado nun estudo de necesidades valorado economicamente.*

Unha estratexia clara de investigación debe ir da man dunha transferencia eficiente do coñecemento xerado a sociedade. Nesta dimensión tratouse de intensificar e mellorar a colaboración cos axentes do tecido productivo, social e tecnolóxico a través dunha mellor oferta das capacidades e servizos que ofrece o Campus Terra e o desenvolvemento de estratexias e accións conxuntas que redunden nunha maior aprendizaxe e xeración de coñecemento que responda as necesidades que o mercado esta demandando. Ese coñecemento xerado debe repercutir directamente na contorna a través da transformación de novos produtos, desenvolvemento de novos servizos e modelos de negocio que xeren valor engadido e un emprego de maior calidade.

As liñas de actuación propostas nesta dimensión e as súas accións resumidas na anualidade 2022 descríbense a continuación.

4. Liñas de actuación e accións executadas en 2022- Interacción co Tecido productivo

4.1 Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas do Campus Terra ao dispor do sector productivo.

No segundo semestre da anualidade 2022 estaba prevista deseñar un mapa visual e interactivo coa carteira de servizos que desenvolven as unidades e grupos de investigación do campus, así como as infraestruturas xerais e equipos cos que conta o Campus ao dispor do sector productivo. Este mapa de capacidades contará cun buscador avanzado que permita a procura de ditos servizos/infraestruturas por “palabras chave”.

Ademais, e como punto diferencial, a esta ferramenta de búsqueda se lle integrará un **“Punto de Información e Contacto Terra (PiCTERRA)”**. A primeira fase desta ferramenta dixital de contacto e asesoramento único ten como obxectivo canalizar as dúbidas en canto a servizos, equipamentos e posibles colaboracións en materia de investigación e transferencia co sector produtivo, e que a súa vez redunde na promoción e impulso da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico na contorna.

Dito mapa de coñecemento e ferramenta de contacto único implementarase dentro da propia web do Campus Terra (<https://www.usc.gal/gl/campusterra>) e permitirá reforzar a estratexia de comunicación e visibilidade do mesmo.

Incidencia 5. O carácter plurianual do desenvolvemento desta ferramenta esixe unha licitación para dar cumprimento á Lei de contratos do sector público, polo que este gasto debe ser trasladado a orzamento de 2023, tal e como foi sinalado na proposta de modificación do convenio presentado o 16/09/2022.

4.2 Deseño de programas de formación “a demanda” para profesionais dos sectores produtivos.

Analizada a demanda do sector produtivo, durante o segundo semestre de 2022 impartíronse as seguintes formacións enfocadas ao sector agrogandeiro e alimentación.

4.2.1 Novas alternativas forraxeiras para gando vacún de leite

Público obxectivo: gandeiros/as produtores de leite

Modalidade de formación: a modalidade desta formación foi presencial na Granxa Experimental Unidade do Leite Gayoso Castro (Castro Riberas de Lea-Lugo).

Resumo: Dar a coñecer especies e mesturas alternativas, centrándose no potencial produtivo e seu valor nutritivo. Manexo e mecanización. Implicacións na nutrición do gando e na menor dependencia de insumos externos.

Impartido por: Ana Isabel Roca Fernández (posdoutoral CTerra), Miguel Fernández Labrada (doutorando CTerra), Joel Presa (Empresa Fertiprado).

5 h. Nº inscritos: 33

Data: 8 novembro 2022

4.2.2 Introducción ó análise sensorial de alimentos

Público obxectivo: profesionais da industria agroalimentaria.

Modalidade de formación: curso presencial realizado na plataforma Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA).

Resumo: Os asistentes formáronse en calidade sensorial, fisioloxía da percepción (vista, gusto e olfacto), reoloxía e métodos instrumentais e aspectos metodolóxicos do análise sensorial de alimentos.

Impartido por: Paz Fernández-Albalat (técnica superior de investigación da APLTA)

8 h. Nº inscritos: 32

Datas (dúas edicións): Edición I (21 xuño)- Edición II (20 setembro)

Neste apartado tamén se incluíu material que se emprega habitualmente para as visitas, tanto na APLTA como na Granxa Gaioso Castro (batas, luvas, calzas).

TOTAL: 7.935,5 €

4.3 Impulso das plataformas científicas/tecnolóxicas do Campus Terra.

As Plataformas Científico/Tecnolóxicas constitúen un exemplo dos recursos e capacidade investigadora do Campus Terra, xa que ofrecen unha ampla gama de servizos tecnolóxicos, tanto para as propias estruturas de investigación da USC como as alleas (empresas e outras institucións).

Na anualidade 2022 impulsáronse as catro plataformas reforzando o seu cadro de persoal nunhas e dos equipamentos das mesmas noutras.

4.3.1 Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA)

Na Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA) deseñouse un plan de viabilidade co obxectivo de facer unha diagnose da situación desta plataforma, identificando e poñendo en valor as principais fortalezas en termos de tecnoloxías, medios, infraestruturas e equipo humano (ver **Anexo-Interacción Tecido Produtivo**). Por outro lado a APLTA foi beneficiaria da adquisición dun novo reómetro para dotar o Laboratorio de propiedades físicas, equipo descrito na páx. 42 e dunha baranda de aceiro inoxidable instalada, por motivos de seguridade, na torre de secado.

4.3.2 Plataforma de Enxeñaría da madeira estrutural (PEMADE)

A mellora desta plataforma na anualidade 2022 consistiu no reforzo de persoal de PEMADE, para iso desenvolveuse e resolveu unha convocatoria para elaborar unha lista de espera da categoría profesional técnico/a superior de investigación, grupo I, para a xestión da "Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural" co fin de realizar calibracións, actuacións de mantemento e outras probas de funcionamento de equipos, así como responsabilizarse do mantemento de certificacións e acreditacións.

4.3.3 Plataforma de Secuenciación e Xenómica Funcional

A mellora desta plataforma na anualidade 2022 consistiu na dotación dun Ultraconxelador de 80°C de 549 litros de capacidade. Este equipo é indispensable para a conservación das mostras biolóxicas que son procesadas na plataforma, así como de reactivos específicos utilizados en diversas técnicas ofertadas nos seus servizos, os cales existen unhas condicións especiais de ultraconxelación.

4.3.4 Plataforma Sistema de Información Territorial (SIT)

A mellora desta plataforma na anualidade 2022 foi enfocada a dotación dun Servidor WMS propio, que serve de almacenamento e cálculo para xestionar mapas con ortofotos

e parcelario en local, desde as instalacións do SIT. Esta incorporación supón a mellora do servizo de visores web-map de participación pública, así como o reforzo do servizo de parcelario catastral.

TOTAL: 53.166,4 €

4.4 Elaborar programas de valorización e protección de resultados de investigación.

Estes programas permiten orientar os resultados susceptibles de ser protexidos, e de interese para as empresas, e posteriormente trasladalos ao mercado. Nesta anualidade realizouse unha acción formativa dirixida a capacitación dos investigadores do campus no proceso de valorización e protección de resultados de investigación.

4.4.1 Xornada formativa sobre Patentes e Propiedade Intelectual aplicado ao sector agroforestal.

Esta xornada formativa foi organizada en colaboración coa AVTE da USC e cunha firma especializada en Propiedade Industrial e Intelectual líder en Europa (ABG Intellectual Property, Madrid). A xornada afondou no proceso de valorización de resultados, a diferenza entre propiedade intelectual e a propiedade industrial, as particularidades das diferentes figuras de protección e a súa tramitación e internacionalización.

Impartido por: André dos Santos

8 h. Nº inscritos: 17 8h

Data: 20 xullo 2022

TOTAL: 1.031,82 €

4.5 Desenvolver actividades de transferencia e innovación.

No segundo semestre da anualidade 2022 desenvóléronse xornadas sectoriais sobre Transferencia Universidade-Empresa destinados a empresas e investigadores para identificar oportunidades de innovación entre ambos. Estes encontros anuais de transferencia Campus Terra-Empresa teñen como obxectivo principal estreitar vínculos coa contorna empresarial, propiciando o achegamento e sinerxía do Campus Terra as empresas, centros tecnolóxicos, clúster e asociacións e dando a coñecer os resultados e as diferentes liñas de traballos dos grupos de investigación do campus ao tecido empresarial.

Ademais, promoveuse a innovación e a cultura emprendedora na comunidade universitaria a través de diferentes eventos e programas. Tamén se facilitou apoio a

creación de empresas baseadas en resultados de investigación (spin-off) dalgúns grupos de investigación do Campus Terra como outra vía de transferencia do coñecemento.

4.5.1 Xornadas de Transferencia Campus Terra-Empresa: ONE HEALTH.

A primeira desta serie de xornadas anuais de transferencia estivo centrada no concepto "One Health-Unha única saúde", que poderá converterse nunha das liñas de especialización transversais estratéxicas do Campus Terra.

A xornada estruturouse coa presentación de 10 exemplos de colaboracións xa existentes entre investigadores/as do Campus Terra e profesionais sanitarios do Hospital Universitario Lucus Augusti.

Público obxectivo: comunidade universitaria, investigadores no ámbito da saúde humana e empresas do sector.

5h. Nº inscritos: 40

Lugar: Hospital Universitario Lucus Augusti (Lugo)

Data: 17 marzo 2022

4.5.2 Terra Creative Jam: Reinventa o Rural

A Terra Creative Jam é un evento creativo de xeración de ideas e de innovación. Durante dous días estudantes e egresados/as do Campus de Lugo e mozos/as de Galicia participaron en diferentes talleres para resolver desafíos sociais, ambientais e tecnolóxicos achegando solucións cara o "Rural 2030".

O evento abordou varias temáticas: produción eficiente e sostible, bio-saúde e nutrición, educación inclusiva e de igualdade, empresa social e uso das TIC's no rural, enerxías limpas, comunidades sustentables e protección do patrimonio e innovación e benestar para a vida e o ecosistema. As ideas, produtos e servizos que se desenvolveron tiñan que estar ligados ao desenvolvemento rural e en liña cos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030.

Os participantes (sós ou en equipo) puideron gozar dunha primeira xornada de ideación, con xogos de creación de ideas e proxectos sostibles, formación con workshops específicos e prototipaxe con máquinas 3D, gamificación, realidade virtual e drones. A segunda xornada consistiu nun *Hackaton* onde por equipos traballaron no seu prototipo para crear a súa solución sostible e expoñela a un xurado.

25 h. Nº inscritos: 67

Lugar: Residencia Universitaria Xesús Bal e Gay (Lugo)

Datas: 22-23 outubro

4.5.3 Feira de Outono de Emprendedoras do Rural

Esta feira demostrou a forma na que mulleres galegas decidíronse a emprender no rural, nunha xornada aberta a cidadanía celebrada na praza de abastos de Lugo, que contou con 20 postos de exposición e venta ao público de produtos ideados por mulleres (alimenticios, artesanía, fotografía, librería, téxtil, etc). A feira comezou coa súa inauguración as 9,30 h da mañá e rematou as 20,00 h. O programa foi intenso e variado, a longo do día desenvóléronse dúas mesas redondas nas que participaron un total de 10 mulleres que contaron as súas experiencias como traballadoras innovadoras e emprendedoras no rural con perspectiva de xénero, innovación e creatividade e puxeron sobre a mesa as vantaxes e os problemas que habería que solucionar para asentar poboación do rural. Organizáronse ademais 4 talleres (cata de queixos, cata de viños, taller de costura reciclando prendas usadas, taller de cerámica).

10 h

Lugar: Praza de Abastos Quiroga Ballesteros (Lugo)

Organiza: Campus Terra e Woman Emprende USC.

Colabora: Concello de Lugo, Excma. Deputación de Lugo , Asociación de Executivas de Galicia, Grupos de Desenvolvemento Rural.

Data: 28 de outubro 2022

4.5.4 Programa de apoio no impulso de empresas de base tecnolóxica baseadas en resultados de investigación (spin-off) do Campus Terra.

Este programa permitiu, a través do análise de potencial de transferencia e o deseño e creación dun Plan de Negocio específico, apoiar as iniciativas de base tecnolóxica xurdidas a través dos resultados de investigación de grupos de investigación do Campus Terra. O principal obxectivo é transferir ao mercado a tecnoloxía e *know-how* desenvolvido no Campus e xerar riqueza no ecosistema produtivo. Nesta anualidade levouse a cabo o asesoramento a dous proxectos que se constituirán no ano 2023 (USCAN3D e XUVENLAB).

USCAN3D é un proxecto de spin-off do grupo CIGEO do Campus Terra que ten como eixo central a oferta de servizos de carácter técnico relacionados coa xeomática e topografía e coa utilización de drons na ampla gama de sectores de aplicación de estas disciplinas e tecnoloxías.

XUVENLAB é un proxecto de spin-off do Grupo de Innovación Docente Xuvenciencia, proxecto de Innovación Educativa "Aprender facendo e ensinar a pensar" que ten como obxectivo a comercialización dos kits educativos e a xestión da oferta formativa de XuvenCiencia. XuvenLab ofrece unha alternativa a docencia tradicional: que sexa mais práctica, fácil de aplicar e con resultados contrastados.

Custos: nesta anualidade o asesoramento foi feito pola técnica de Transferencia en Emprendemento contratada.

TOTAL: 10.011,68 €

4.6 Contratación técnico/a de Transferencia e Emprendemento

Para o desenvolvemento destas liñas de actuación é necesaria a adscrición dun Técnico/a superior de xestión con perfil de Transferencia. Neste caso, a adscrición correspondeu a técnica superior de xestión, Patricia González Alonso.

Costos contrato: 30.601,74 € (de xaneiro a novembro 2022 sen a seguridade social de novembro)

TOTAL: 30.601,74 €



Cartaz e imaxe do "1º Encontro sobre investigación en saúde, Xornada de Transferencia One Health"



Cartaz e imaxe do evento "Terra Creative Jam, Reinventa o rural".





Cartaz, mupis e imaxes da " I Feira de Outono de Emprendedoras do Rural".

Feira de Outono das Emprendedoras do Rural

28 de Outubro
 Mercado Municipal
 Rúa Quiroga Ballesteros
 de 09:30 h a 20:00 h



Mesas redondas / Casetas expositivas / Obradoiros (gastronómicos e artesanais)
 Presencial con retransmisión por streaming. Inscripción para os obradoiros:


















Custos anualidade 2022-Interacción co Tecido Produtivo [€]

Táboa 8

Resumo custos anuais para Interacción co Tecido Produtivo

DIMENSIÓN TECIDO PRODUTIVO	2022 (€)
4.1. Ferramenta dixital servizos e Infraestruturas Campus Terra	0
4.2. Formación a demanda sector produtivo	7.935,50
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas Campus Terra	53.166,40
<i>Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA)</i>	689,25
<i>Plataforma de Enxeñería da madeira estrutural (PEMADE)</i>	28.813,90
<i>Plataforma de secuenciación e xenómica funcional</i>	8.830,25
<i>Plataforma de Información Territorial (SIT)</i>	14.833,00
4.4. Programas de valorización e protección de resultados de investigación	1.031,82
Xornadas formativas temáticas sobre protección e valorización de resultados.	1.031,82
4.5. Actividades de transferencia e innovación	10.011,68
<i>Feira de Outono de Emprendedoras do Rural</i>	2.296,92
<i>Terra Creative Jam: Reinventa o Rural</i>	6.744,56
<i>Xornada One Health</i>	970,20
4.6. Contratación dunha Técnica de Transferencia	30.601,74
Totais	102.747,14

DIMENSIÓN

05

Información pública e transparencia



5.1. Informe anual estudo do impacto económico-social do Campus Terra

Por último, a rendición de contas é un obxectivo prioritario de Campus Terra. É moi importante que se xustifique con transparencia a xestión dos recursos e as actividades realizadas para conseguir unha maior implicación da comunidade universitaria no proxecto, de aí a obrigatoriedade de publicar un informe anual de actividades, xestión económica e autoavaliación do traballo realizado ao longo de cada anualidade, mostrando os resultados dos indicadores que foron sinalados para testar o funcionamento do Campus. A memoria anual de actividades e o informe de impacto estará a disposición na páxina web do Campus Terra.

No informe de estudo do impacto na contorna identificáronse os obxectivos globais do Campus a nivel de impacto socio-económico empregando a metodoloxía OKR e analizouse o impacto en función dos obxectivos que se querían conseguir e as actividades que se puxeron en marcha (Ver documento en Anexo-Información Pública e Transparencia).

Táboa 9

Resumo custos anuais para Información Pública e Transparencia

Custos anualidade 2022-Información pública transparencia

DIMENSIÓN PÚBLICA/ TRANSPARENCIA	2022 (€)
5.1. Informe anual estudo impacto entorno	1.488,30